

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE XUSTIZA

**4568** *Real decreto 135/2021, do 2 de marzo, polo que se aproba o Estatuto xeral da avogacía española.*

Moitos e transcendentais foron os cambios normativos que a sociedade española experimentou desde que o 22 de xuño de 2001 se ditou o Real decreto polo que se aprobou o, ata o de agora vixente, Estatuto xeral da avogacía española.

Consciente desta circunstancia, e co fin de adaptar as normas colexiais da avogacía española aos cambios normativos operados desde o anterior Estatuto xeral, faise necesaria a aprobación dun novo, que teña en conta, entre outros, os cambios operados no marco regulador dos colexios profesionais pola Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, incorporada ao dereito interno a través da Lei 17/2009, do 23 de novembro, de libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e da Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

A avogacía é unha profesión multiseccional, dedicada á defensa dos dereitos e intereses xurídicos dos cidadáns, cuxa evolución discorre en paralelo á do reforzamento dos dereitos e liberdades, co enorme salto cualitativo que supuxo a Constitución de 1978. A súa íntima conexión coa liberdade e o dereito de defensa na nosa Constitución así o testemuña, así como tamén o fai o labor de servizo público que toda a organización colexial e os profesionais da avogacía cumpren no sistema de asistencia xurídica gratuíta que, partindo do artigo 119 da Constitución, regula a Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, e as súas normas de desenvolvemento. A avogacía é peza esencial no funcionamento dun dos poderes do Estado –o poder xudicial– e na satisfacción do dereito fundamental a obter tutela xudicial efectiva, o que acredita a relevancia constitucional dos intereses públicos involucrados no seu exercicio.

Pero o Estatuto debe recoller tamén os aspectos esenciais desta comunidade profesional, como así os derivados da estrita e singular relación entre o avogado e o seu patrocinado.

Con esta perspectiva xeral abórdanse a adecuación do texto ao actual marco normativo, fortemente influído polas disposicións comunitarias e polas vixentes regras do mercado e da competencia, antes citadas; a adaptación ao novo marco competencial, tendo en conta as competencias recollidas nos estatutos de autonomía e, finalmente, a modernización das súas figuras e institucións, así como a propia estrutura colexial e as súas formas de relacionarse cos colexiados e aqueles que demandan a prestación dos servizos de asesoría xurídica e defensa en xeral.

Destaca neste esforzo de innovación e actualización a asunción como normativos de postulados propios da deontoloxía profesional, cunha formulación acorde coa realidade social e ancorada nas máximas irrenunciabes de independencia, dignidade e integridade do avogado. A colexiación regúlase de forma unitaria abordando, entre outros, aqueles aspectos reservados pola Lei 34/2006, do 30 de outubro, sobre o acceso ás profesións de avogado e procurador dos tribunais. Así mesmo, acométese, desde a perspectiva corporativa propia desta norma, as limitacións, incompatibilidades e facultades propias dos avogados no exercicio da profesión, e incorpórase, así mesmo, unha detallada regulación das relacións cos clientes. Respecto destes, recoñécese o seu dereito a unha información adecuada, nun notable exercicio de transparencia, e a garantía dun servizo de atención a consumidores e usuarios. En canto ao modo de exercicio da profesión, abórdase tanto en forma societaria como non societaria, con disposicións específicas respecto das sociedades profesionais e multidisciplinares.

Cóidanse, ademais, aspectos tan relevantes como o fomento da formación e especialización, ou a promoción de medidas tendentes tanto á conciliación da vida familiar e laboral como á necesidade de avanzar, nas súas institucións, na igualdade entre mulleres e homes.

Organizativamente, apóstase pola modernización en todas as ordes, comezando co uso das novas tecnoloxías, nun proceso de concorrència cos avances na dixitalización da xustiza. O goberno dos colexios queda sometido aos principios de democracia, autonomía e transparencia e a súa organización proxéctase de forma respectuosa coa orde constitucional de repartición de competencias, en todo caso, baixo o abeiro do Consello Xeral da Avogacía Española que, ao integrar todos os colexios de avogados de España, ten a misión de coordinalos, representalos e defender con eles os intereses da avogacía, en todas as ordes e ante todas as institucións.

Este real decreto axústase aos principios de boa regulación contidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, en canto que persegue un interese xeral ao dotar dunha regulación actualizada a avogacía española, e cumpre estritamente o mandado establecido no artigo 129 da lei, sen que exista ningunha alternativa regulatoria menos restritiva de dereitos.

O real decreto dítase en virtude do disposto no artigo 149.1.18.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva para ditar as bases do réxime xurídico das administracións públicas.

A aprobación destes estatutos correspóndelle ao Goberno, de conformidade co establecido no artigo 6.2 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais, modificada pola Lei 25/2009, do 22 de decembro.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Xustiza, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de marzo de 2021,

#### DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do Estatuto xeral da avogacía española.*

Apróbase o Estatuto xeral da avogacía española, cuxo texto se insire a continuación.

Disposición adicional única. *Cota de ingreso.*

En aplicación do establecido no artigo 6.3.f) da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais, e no artigo 9.1.d) do Estatuto xeral que se aproba por virtude deste real decreto, os colexios, no procedemento de colexiación, deberán diferenciar con claridade entre o custo da cota de ingreso e o custo dos servizos que presta o colexio aos seus colexiados.

Disposición transitoria primeira. *Lexislación aplicable.*

1. As infraccións cometidas ata o día da entrada en vigor deste real decreto sancionaranse conforme as normas do anterior estatuto, aprobado polo Real decreto 658/2001, do 22 de xuño. Non obstante o anterior, aplicarase o presente real decreto, unha vez que entre en vigor, se as súas disposicións son máis favorables para o infractor, aínda que os feitos fosen cometidos con anterioridade á súa entrada en vigor. Se se decide a aplicación da norma máis favorable, darase coñecemento diso ao interesado, mediante comunicación do órgano instrutor ou mediante audiencia concedida para o efecto.

2. Para determinar cal será a norma máis favorable, terase en conta a sanción que correspondería impor ao feito investigado.

Disposición transitoria segunda. *Procedementos disciplinarios en curso.*

1. Os procedementos disciplinarios iniciados con anterioridade á entrada en vigor do presente real decreto resolveranse de acordo coa normativa anterior.

2. Para ese efecto, os procedementos disciplinarios consideraranse iniciados cando o órgano competente dite acordo de iniciación, sen que teñan a consideración de acordo de iniciación os períodos de información previa.

Disposición transitoria terceira. *Situacións e dereitos adquiridos.*

As situacións creadas e os dereitos adquiridos conforme o réxime anteriormente en vigor serán respectados.

Disposición transitoria cuarta. *Nomeamentos en vigor.*

Quen, no momento da entrada en vigor do presente Estatuto xeral da avogacía española, posúa a condición de conselleiro do Pleno do Consello Xeral da Avogacía Española continuará no desempeño do seu cargo durante o tempo que reste de mandato, sen que lle sexa de aplicación a limitación temporal establecida no artigo 99.2 do Estatuto xeral que agora se aproba.

Ao expirar o mandato vixente, poderá concorrer a unha nova elección, e aplicarase, en caso de resultar elixido, o período de duración establecido no artigo 99.2 antes citado.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 658/2001, do 22 de xuño, polo que se aproba o Estatuto xeral da avogacía.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

O presente real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.18.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva para ditar as bases do réxime xurídico das administracións públicas.

Disposición derradeira segunda. *Salvagarda de competencias autonómicas.*

A regulación contida no Estatuto xeral aprobado mediante este real decreto entenderase sen prexuízo da que, ao abeiro das súas competencias na materia, aproben as comunidades autónomas para os colexios e consellos que se constitúan nos seus respectivos ámbitos territoriais.

Disposición derradeira terceira. *Revisión e adaptación de normativa.*

1. O Consello Xeral da Avogacía Española, no prazo dun ano desde a entrada en vigor deste real decreto, aprobará ou modificará o seu propio regulamento de réxime interior para adaptalo ás súas previsións.

2. Os colexios da avogacía, que aplicarán o presente real decreto desde a súa entrada en vigor, deberán adaptar os seus correspondentes estatutos particulares e as súas normas deontolóxicas, se dispoñen delas, no prazo dun ano desde que aquela se produza, que serán aprobados na forma prevista no artigo 70 do Estatuto xeral que se aproba por virtude deste real decreto e remitidos ao Consello Xeral para a súa preceptiva aprobación. As normas deontolóxicas aprobadas polo Consello Xeral da Avogacía Española prevalecerán, en caso de conflito, sobre as que conteñan os estatutos colexiais.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o 1 de xullo de 2021.

Dado en Madrid o 2 de marzo de 2021.

FELIPE R.

O ministro de Xustiza,  
JUAN CARLOS CAMPO MORENO

## ESTATUTO XERAL DA AVOGACÍA ESPAÑOLA

### TÍTULO PRELIMINAR

#### A avogacía e os seus principios reitores

##### Artigo 1. *A avogacía e os seus principios reitores.*

1. A avogacía é unha profesión libre e independente, que asegura a efectividade do dereito fundamental de defensa e asistencia letrada e que se constitúe en garantía dos dereitos e liberdades das persoas. Os profesionais da avogacía deben velar sempre polos intereses daqueles cuxos dereitos e liberdades defenden con respecto aos principios do Estado social e democrático de dereito constitucionalmente establecido.

2. A profesión da avogacía exerceuse en réxime de libre e leal competencia. O seu contido consiste na actividade de asesoramento, consello e defensa de dereitos e intereses públicos e privados, mediante a aplicación da ciencia e a técnica xurídicas, en prol da concordia, da efectividade dos dereitos e liberdades fundamentais.

3. Son principios reitores e valores superiores do exercicio da avogacía os de independencia, liberdade, dignidade e integridade, así como o respecto do segredo profesional.

4. Os profesionais da avogacía deben ser persoas de recoñecida honorabilidade e, en consecuencia, deben observar unha traxectoria de respecto ás leis, aos principios reitores e valores superiores da avogacía, ás normas deontolóxicas e ás boas prácticas profesionais.

5. No Estado social e democrático de dereito, os profesionais da avogacía desempeñan unha función esencial e serven aos intereses da xustiza, mediante o asesoramento xurídico e a defensa dos dereitos e liberdades públicas.

6. A avogacía española proclama o seu especial compromiso co recoñecemento e a defensa dos dereitos humanos.

##### Artigo 2. *Organización colexial da avogacía.*

A organización colexial da avogacía intégrana o Consello Xeral da Avogacía Española, os consellos autonómicos e os colexios da avogacía. Todas estas corporacións de dereito público se someterán na súa actuación e no seu funcionamento aos principios democráticos e ás normas estatais e autonómicas ditadas en materia de colexios profesionais.

##### Artigo 3. *Tratamento e honras.*

1. Os colexios da avogacía terán o seu tratamento tradicional e, en todo caso, o de ilustre, e os seus decanos, o de excelentísimo señor, do mesmo xeito que os presidentes de consellos de colexios da comunidade autónoma e os membros do Consello Xeral da Avogacía. Tanto os ditos tratamentos como a denominación honorífica de decano se posuirán con carácter vitalicio.

2. Os decanos de colexios cuxa sede radique en capital de provincia terán a consideración honorífica de presidente de sala do respectivo tribunal ou audiencia. Os decanos dos demais colexios terán a consideración honorífica de maxistrado ou xuíz do xulgado de primeira instancia e instrución da localidade en que se encontre constituído o colexio. Estas consideracións honoríficas non afectarán a precedencia nos actos que organicen as autoridades xudiciais correspondentes.

3. Os decanos dos colexios da avogacía e os membros dos consellos de colexios de comunidades autónomas e do Consello Xeral da Avogacía Española levarán puños de encaixe nas súas togas, así como as medallas e placas correspondentes aos seus cargos, en audiencia pública e nos actos solemnes a que asistan. En tales ocasións, os demais membros da Xunta de Goberno dos colexios da avogacía levarán sobre a toga os atributos propios dos seus cargos, así como puños de encaixe na toga se tradicionalmente teñen recoñecido ese dereito.

## TÍTULO I

## Os avogados e avogadas

## CAPÍTULO I

## Disposicións xerais

Artigo 4. *Os profesionais da avogacía.*

1. Son profesionais da avogacía aqueles que, estando en posesión do título oficial que habilita para o exercicio desta profesión, se encontran incorporados a un colexio da avogacía en calidade de exercentes e se dedican de forma profesional ao asesoramento xurídico, á solución de disputas e á defensa de dereitos e intereses alleos, tanto públicos como privados, na vía extraxudicial, xudicial ou arbitral.

2. Correspóndelle en exclusiva a denominación de avogada e avogado a quen se encontre incorporado a un colexio da avogacía como exercente.

Artigo 5. *Ámbito do exercicio profesional.*

1. O avogado e a avogada poderá exercer a súa profesión, nos termos que legalmente se establezan, ante calquera clase de órganos xurisdicionais e administrativos de España, así como ante calquera entidade ou persoa pública e privada. Tamén poderá exercer, conforme as normas en cada caso aplicables, como árbitro, mediador ou interviniente en calquera outro método alternativo á xurisdición para a resolución de conflitos ou litixios.

2. Tamén poderá exercer a súa profesión ante os órganos xurisdicionais internacionais ou supranacionais cuxas normas reguladoras o permitan.

3. A intervención profesional do avogado ou avogada en toda clase de procesos e ante calquera xurisdición será preceptiva cando así o dispoña o ordenamento xurídico.

4. O profesional da avogacía poderá exercer a representación procesual do cliente cando non estea reservada en exclusiva por lei a outras profesións.

Artigo 6. *Dereito de defensa e de asistencia polos profesionais da avogacía.*

1. A intervención libre e independente do profesional da avogacía é garantía de efectividade do dereito fundamental de defensa.

2. Os colexios da avogacía, os consellos autonómicos e o Consello Xeral da Avogacía Española, no ámbito das súas respectivas competencias, velarán e garantirán a eficacia e o correcto exercicio do dereito de defensa, e removerán os obstáculos que dificulten a intervención libre e independente do profesional da avogacía.

En consecuencia, ampararán o profesional da avogacía cando sexa inquietado, perturbado ou presionado no exercicio da súa función, asegurando que se guíe exclusivamente por criterios técnicos e profesionais para a mellor defensa do seu cliente e en garantía do seu dereito constitucional de defensa e da realización da xustiza.

3. Os colexios da avogacía velarán por que toda persoa teña acceso á obtención de asesoramento xurídico, á xustiza e dispoña da asistencia dun profesional da avogacía para a defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos, incluso auxiliándoo para que designe profesional da avogacía da súa elección ou de oficio, con ou sen recoñecemento do dereito de asistencia xurídica gratuíta.

4. As corporacións colexiais da avogacía velarán por que se removan os impedimentos de calquera clase que se opoñan á intervención en dereito dos profesionais da avogacía, así como para que se recoñeza e se respecte a integridade e exclusividade da súa actuación.

5. Os colexios da avogacía, os consellos autonómicos e o Consello Xeral da Avogacía Española exercerán cantas accións redunden na protección do dereito constitucional de defensa e garantan o cumprimento das normas reguladoras do exercicio da profesión por parte dos profesionais da avogacía.

## CAPÍTULO II

**Adquisición e perda da condición de colexiado***Artigo 7. Adquisición da condición de avogado colexiado.*

1. O título oficial que habilite para o exercicio da profesión da avogacía e a incorporación ao colexio do domicilio profesional, único ou principal, serán requisitos imprescindibles para o exercicio da avogacía. Presumirase como domicilio principal o do lugar onde se encontre o despacho profesional principal ou único en territorio español ou, na súa falta, o do seu domicilio persoal en España. A colexiación como exercente habilita para exercer en todo o territorio do Estado.

2. A primeira incorporación a un colexio da avogacía pode ser:

- a) Como profesional da avogacía residente.
- b) Como profesional da avogacía inscrito.

3. Unicamente se poderá estar incorporado como residente a un só colexio e a incorporación a outros colexios distintos do de residencia será libre, pero o solicitante deberá acreditar en cada incorporación que figura como profesional da avogacía no colexio da súa residencia.

No suposto de que, por calquera circunstancia, un colexiado cause baixa no colexio de residencia, ou non conste esta, entenderase que lle corresponde a condición de residente no colexio en que está colexiado e, se está en máis dun, no que figure colexiado con máis antigüidade.

4. O establecido no presente artigo en canto á exigencia de que o interesado en colexiarse estea en posesión do título oficial que habilite para o exercicio da profesión entenderase sen prexuízo das excepcións que, para determinados funcionarios públicos, contén a Lei 34/2006, do 30 de outubro, sobre o acceso ás profesións de avogado e procurador dos tribunais, na súa disposición adicional terceira.

*Artigo 8. Outras categorías de colexiados.*

As persoas que reúnan os requisitos establecidos na Lei 34/2006, do 30 de outubro, para acceder a un colexio da avogacía poderán colexiarse na categoría de colexiados non exercentes.

Considerarase que o colexiado non exercente reside no colexio da avogacía a que se adscriba; se está incorporado a varios, considerarase colexiado naquel que coincida co do lugar en que ten o seu domicilio particular ou, na súa falta, no que está colexiado con máis antigüidade, salvo indicación en contrario.

*Artigo 9. Requisitos para a colexiación.*

1. Para colexiarse como profesional da avogacía deberán cumprirse os seguintes requisitos:

a) Ser maior de idade e ter nacionalidade española ou dalgún Estado membro da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo ou de terceiros países, sen prexuízo do disposto en tratados ou convenios internacionais e do cumprimento dos requisitos recollidos na normativa sobre estranxeiría respecto do dereito dos estranxeiros para establecerse e acceder ao exercicio profesional en España.

b) Posuír o título oficial que habilite para o exercicio da profesión da avogacía, salvo as excepcións establecidas en normas con rango de lei.

c) Acreditar o coñecemento da lingua castelá e, de ser o caso, de linguas cooficiais autonómicas, por calquera medio válido en dereito, salvo cando resulte de modo fidedigno do cumprimento do requisito anterior.

d) Satisfacer a cota de ingreso, que non poderá superar os custos asociados á tramitación da inscrición.



e) Carecer de antecedentes penais por delitos que comporten a imposición de penas graves ou a inhabilitación para o exercicio da avogacía.

f) Non ter sido condenado por intrusión no exercicio da avogacía nos tres anos anteriores mediante resolución firme, salvo que se cancelasen os antecedentes penais derivados desta condena.

g) Non ter sido sancionado disciplinariamente coa expulsión dun colexio da avogacía ou, en caso de sufrir tal sanción, ter sido rehabilitado, o que se acreditará por medio de certificado expedido polo Consello Xeral da Avogacía Española.

h) Non estar incurso en causa de incapacidade, incompatibilidade ou prohibición para o exercicio da avogacía, o que se acreditará por medio de certificado expedido polo Consello Xeral da Avogacía Española.

i) Formalizar a alta no réxime da Seguridade Social que corresponda ou, de ser o caso, o ingreso nunha mutualidade de previsión social alternativa ao réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, de conformidade coa lexislación vixente.

2. Para incorporarse como colexiado non exercente deberán cumprirse os requisitos establecidos nas letras a), b), c), d), e), f) e g) do número anterior. Así mesmo, deberá acreditar non estar incurso en causa de incapacidade ou prohibición para o exercicio da avogacía na forma prevista na letra h). O colexiado non exercente poderá incorporarse ao colexio da avogacía da súa elección; se consta a súa incorporación a varios colexios da avogacía como non exercente, aplicarase o previsto no parágrafo segundo do artigo 8.

3. As solicitudes de incorporación serán aprobadas, suspendidas ou denegadas, logo das dilixencias e informes que procedan, pola Xunta de Goberno do colexio mediante resolución motivada, e non poderán ser denegadas a quen reúna os requisitos establecidos no presente artigo.

A denegación de incorporación como exercente adoptada por un colexio impedirá a incorporación a outro cando se trate de causa non emendable ou que non fose debidamente emendada. Para estes efectos, as resolucións denegatorias de incorporación comunicaránse ao Consello Xeral da Avogacía Española para o seu traslado a todos os colexios da avogacía.

4. Nos casos en que a solicitude de colexiación proceda de persoa que exercese previamente noutro Estado membro da Unión Europea, procederase de acordo co artigo 77 do Real decreto 581/2017, do 9 de xuño, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/55/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de novembro de 2013, pola que se modifica a Directiva 2005/36/CE relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais, e o Regulamento (UE) n.º 1024/2012 relativo á cooperación administrativa a través do Sistema de información do mercado interior (Regulamento IMI).

As corporacións integradas na organización colexial da avogacía informarán das circunstancias que poidan afectar a capacidade para o exercicio da avogacía nos termos do referido artigo 77.

#### Artigo 10. *Xuramento ou promesa de acatamento á Constitución e ao resto do ordenamento xurídico.*

1. Antes de iniciar o seu exercicio profesional, os profesionais da avogacía prestarán xuramento ou promesa de acatar a Constitución e o resto do ordenamento xurídico e de cumprir as normas deontolóxicas da profesión, con liberdade e independencia, de boa fe, con lealdade ao cliente, respecto á parte contraria e gardando o segredo profesional.

2. O xuramento ou promesa será prestado solemnemente ante o decano do colexio a que o profesional da avogacía se incorpore como exercente por primeira vez ou ante o membro da Xunta de Goberno en quen delegue, coas formas e protocolo que a propia Xunta estableza. En todo caso, deberase deixar constancia no expediente persoal do colexiado da prestación do xuramento ou promesa.

Artigo 11. *Incapacidade para o exercicio da avogacía.*

1. Son causas determinantes de incapacidade para o exercicio da avogacía:

a) Os impedimentos que, pola súa natureza ou intensidade, non permitan o cumprimento da misión de defensa e asesoramento que aos profesionais da avogacía se encomenda.

b) A inhabilitación ou suspensión para o exercicio da avogacía en virtude de resolución xudicial firme.

c) As sancións disciplinarias firmes comporten a suspensión do exercicio profesional ou a expulsión de calquera colexio da avogacía, que terá eficacia en todo o territorio nacional.

2. A incapacidade, por calquera das causas anteriores, suporá o pase automático do colexiado á condición de non exercente e desaparecerá cando cese a causa que a motivase que, no caso da sanción de expulsión, incluírá a rehabilitación prevista no artigo 13.

3. No caso de ter sido obxecto da sanción disciplinaria de expulsión de calquera colexio da avogacía, a incapacidade non desaparecerá en canto non medie rehabilitación do profesional da avogacía nos termos previstos no presente estatuto.

Artigo 12. *Perda da condición de colexiado.*

1. A condición de colexiado perderase:

a) Por falecemento.

b) Por baixa voluntaria.

c) Pola falta de pagamento de doce mensualidades da cota obrigatoria a cuxo pagamento estivese obrigado.

d) Por condena firme que comporte a pena principal ou accesoria de inhabilitación para o exercicio da profesión.

e) Por sanción de expulsión do colexio acordada por resolución firme en expediente disciplinario.

2. A perda da condición de colexiado será recoñecida no caso da letra a) do número anterior, ou acordada en resolución motivada para o resto de supostos, pola Xunta de Goberno do colexio e, unha vez firme, será inmediatamente comunicada ao Consello Xeral e, de ser o caso, ao Consello autonómico correspondente.

3. No caso do parágrafo c) do punto primeiro, os colexiados poderán rehabilitar os seus dereitos pagando o debido e os seus xuros ao tipo legal incrementado en dous puntos, cumprindo, de ser o caso, os requisitos establecidos nos respectivos estatutos colexiais sobre este trámite de rehabilitación.

Artigo 13. *Rehabilitación do profesional da avogacía expulsado.*

1. O profesional da avogacía sancionado disciplinariamente coa expulsión dun colexio da avogacía poderá obter a rehabilitación para o exercicio da profesión cando se cumpran os requisitos previstos nos números seguintes, sen prexuízo daqueles que adicionalmente poidan prever os colexios.

2. A rehabilitación do profesional da avogacía expulsado exixirá o transcurso dun prazo de cinco anos desde que a sanción de expulsión fose executada e a acreditación de ter superado as actividades formativas que en materia de deontoloxía profesional estableza cada colexio con carácter xeral, así como non ter incorrido en causa de indignidade ou desprezo dos valores e obrigas profesionais e deontolóxicas.

3. A rehabilitación solicitaráselle á Xunta de Goberno do colexio que impuxo a sanción de expulsión. Para resolver sobre a dita solicitude, valoraranse as seguintes circunstancias:

a) Antecedentes penais posteriores á sanción de expulsión e sancións disciplinarias previas non executadas.



b) Transcendencia dos danos e perdas derivados da comisión da infracción sancionada, así como, de ser o caso, a súa falta de reparación, atendida a natureza daqueles.

c) Calquera outra relativa á súa relación cos clientes, cos compañeiros, coas autoridades e coa organización profesional corporativa que permita apreciar a incidencia da conduta do profesional da avogacía sobre o seu futuro exercicio da profesión, para o cal se terán en conta denuncias ou queixas recibidas con posterioridade á expulsión, sempre que non estean prescritos os feitos a que se refiran.

4. As resolucións dos colexios polas cales se denegue a rehabilitación solicitada deberán ser sempre motivadas.

## TÍTULO II

### Exercicio da avogacía

#### CAPÍTULO I

##### Ámbito de actuación

Artigo 14. *Ámbito territorial de actuación dos profesionais da avogacía.*

1. O profesional da avogacía incorporado a calquera colexio da avogacía de España poderá prestar os seus servizos profesionais libremente en todo o territorio do Estado, con igualdade de facultades e deberes, así como no resto dos Estados membros da Unión Europea e nos demais países conforme as normas, tratados ou convenios internacionais aplicables. Así mesmo, os profesionais da avogacía doutros países poderán facelo en España conforme a normativa vixente.

2. Para actuar profesionalmente no ámbito territorial de calquera colexio distinto daquel a que estea incorporado, non se lle poderá exixir ao profesional da avogacía ningunha habilitación, nin o pagamento de contraprestacións económicas distintas daquelas que tamén se lles exixan aos propios colexiados pola prestación de servizos de que sexan beneficiarios e que non se encontren cubertos pola cota colexial.

3. Nas actuacións profesionais que leve a cabo no ámbito territorial doutro colexio distinto ao de incorporación, o profesional da avogacía estará suxeito ás normas de actuación, deontoloxía e réxime disciplinario daquel, que protexerá a súa liberdade e independencia, conforme o artigo 3.3 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais.

Artigo 15. *Acreditación da condición de avogado e avogada.*

1. Os colexios da avogacía comunicaranlle ao Consello Xeral da Avogacía Española a lista dos seus profesionais da avogacía, con expresión das altas e baixas producidas. Os colexios garantirán que nesa lista consten os datos profesionais dos profesionais da avogacía, tales como nome e apelidos, número de colexiación, títulos oficiais dos cales estean en posesión, domicilio profesional e situación de habilitación profesional, número de teléfono e enderezo de correo electrónico. O Consello Xeral da Avogacía Española confeccionara, coas listas que lle remitan os colexios, o Rexistro de profesionais colexiados exercentes previsto na lexislación de colexios profesionais, ou Censo nacional de profesionais da avogacía, que se publicará na web e no portelo único, con expresión do colexio en que aparece como colexiado exercente residente.

2. O secretario do colexio remitiralles anualmente, preferentemente por vía electrónica, a lista dos profesionais da avogacía incorporados ao colexio a todos os xulgados e tribunais do seu territorio, así como aos centros penais e de detención. A lista actualizarase periodicamente coas altas e baixas. O envío desta lista poderá substituírse por un acceso directo á páxina web en que figuren os datos debidamente actualizados. O feito de figurar en tal lista servirá de comprobante para o exercicio da súa profesión por parte dos profesionais da avogacía.

3. O secretario do colexio poderá comprobar que os profesionais da avogacía que interveñan nas actuacións xudiciais figuran incorporados como exercentes nese colexio ou noutro de España.

4. Os profesionais da avogacía deberán consignar en todas as súas actuacións o colexio a que estean incorporados e o número de colexiado.

#### Artigo 16. *Servizos xurídicos en liña ou a través da internet.*

1. A prestación por parte dun profesional da avogacía de asesoramento xurídico en liña ou a través da internet constitúe unha forma de exercicio da profesión sometida ao presente estatuto xeral e ao resto do ordenamento xurídico.

2. A identificación do profesional da avogacía que presta o servizo, así como o colexio a que pertence, deberá ser comunicada ao cliente ou usuario antes da prestación de servizos e, en todo caso, antes de solicitar o aboamento dalgunha contraprestación.

3. Cando un profesional da avogacía sexa requirido para prestar os seus servizos profesionais por este medio, deberá adoptar as medidas necesarias para garantir o segredo profesional e obter do cliente acreditación suficiente da súa identidade e a restante información que lle permita evitar conflitos de intereses e prestar o asesoramento adecuado ao solicitante dos seus servizos.

4. As comunicacións confidenciais deberán enviarse encriptadas e con sinatura electrónica segura, sempre que as circunstancias do cliente o permitan.

5. Os servizos consideraranse prestados no lugar onde se encontre a sede do xulgado, no caso de que se realizase unha actuación xudicial, e no caso de que se estea ante un asesoramento, no lugar onde se encontra colexiado o profesional da avogacía.

#### Artigo 17. *Intervención profesional obrigatoria.*

En garantía da defensa dos dereitos e liberdades e en cumprimento da función social da avogacía, os profesionais da avogacía deben realizar as intervencións profesionais que se establezan por lei.

## CAPÍTULO II

### Incompatibilidades

#### Artigo 18. *Incompatibilidades.*

1. O exercicio da avogacía é incompatible:

a) Co desempeño, en calquera concepto, de cargos, funcións ou empregos ao servizo do poder xudicial, das administracións estatal, autonómica ou local e das entidades de dereito público dependentes ou vinculadas a elas, cuxa normativa reguladora así o impoña.

b) Coa actividade de auditoría de contas nos termos legalmente previstos.

c) Con calquera outra actividade que se declare incompatible por norma con rango de lei.

2. Os profesionais da avogacía non poderán manter vínculos asociativos de carácter profesional coas persoas afectadas polas incompatibilidades mencionadas no número anterior, cando así o dispoña a lei.

3. O profesional da avogacía que incorra nalgunha das causas de incompatibilidade deberá, de inmediato, cesar no exercicio dunha das dúas actividades incompatibles; no caso de facelo na da avogacía, deberá formalizar a súa baixa como exercente no prazo máximo de quince días, mediante comunicación dirixida á Xunta de Goberno do seu colexio. Se non o fixer, a Xunta poderá suspendelo cautelarmente no exercicio da profesión, polo que pasará automaticamente á condición de non exercente, e acordar, así mesmo, incoar o correspondente expediente disciplinario.

## CAPÍTULO III

### Publicidade

Artigo 19. *Principio de publicidade libre.*

O profesional da avogacía poderá realizar libremente publicidade dos seus servizos, con pleno respecto da lexislación sobre publicidade, defensa da competencia e competencia desleal, así como do presente estatuto xeral e dos códigos deontolóxicos que resulten aplicables.

Artigo 20. *Publicidade.*

1. A publicidade que realicen os profesionais da avogacía respectará en todo caso a independencia, liberdade, dignidade e integridade como principios esenciais e valores superiores da profesión, así como o segredo profesional.

2. A publicidade non poderá supor:

a) A revelación directa ou indirecta de feitos, datos ou situacións amparados polo segredo profesional.

b) A incitación xenérica ou concreta ao preito ou ao conflito.

c) A oferta de servizos profesionais, por si ou mediante terceiros, a vítimas directas ou indirectas de accidentes ou desgrazas, así como de catástrofes, calamidades públicas ou outros sucesos que producisen un número elevado de vítimas, sexan ou non delito, en momentos ou circunstancias que condicionen a elección libre de profesional da avogacía e, en todo caso, ata transcorridos 45 días desde o feito, nos mesmos termos que se establecen no artigo 8.2 da Lei 4/2015, do 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito.

Esta prohibición quedará sen efecto no caso de que a prestación destes servizos profesionais fose solicitada expresamente pola vítima.

d) A promesa de obter resultados que non dependan exclusivamente da actividade do profesional da avogacía.

e) A referencia a clientes do propio profesional da avogacía sen a súa autorización, salvo o previsto no artigo 54.

f) A utilización de emblemas ou símbolos institucionais ou colexiais e daqueles outros que, pola súa similitude, poidan xerar confusión.

g) A mención de actividades realizadas polo profesional da avogacía que sexan incompatibles co exercicio da avogacía.

3. As mencións que á especialización en determinadas materias inclúan os profesionais da avogacía na súa publicidade deberán responder á posesión de títulos académicos ou profesionais específicos sobre as materias de que se trate, á superación de cursos formativos de especialización profesional oficialmente homologados ou a unha práctica profesional que as avalen.

## CAPÍTULO IV

### Segredo profesional

Artigo 21. *Segredo profesional.*

1. A confianza e confidencialidade nas relacións co cliente impoñen ao profesional da avogacía, de conformidade co establecido pola Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, o deber e o dereito de gardar segredo de todos os feitos ou noticias que coñeza por razón de calquera das modalidades da súa actuación profesional, polo que non poderá ser obrigado a declarar sobre eles.

2. O previsto no presente capítulo entenderase sen prexuízo do previsto en cada caso pola Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, polas leis procesuais e demais lexislación aplicable.

**Artigo 22. *Ámbito do segredo profesional.***

1. O deber e dereito de segredo profesional do profesional da avogacía comprende todos os feitos, comunicacións, datos, informacións, documentos e propostas que, como profesional da avogacía, coñecese, emitise ou recibise no seu exercicio profesional.

2. O segredo profesional non ampara as actuacións do profesional da avogacía distintas das que son propias do seu exercicio profesional e, en especial, as comunicacións, escritos e documentos en que interveña con mandato representativo do seu cliente e así o faga constar expresamente.

3. As conversacións mantidas polos profesionais da avogacía cos seus clientes, cos contrarios ou cos seus profesionais da avogacía, de presenza ou por calquera medio telefónico ou telemático, só poderán ser gravadas coa advertencia previa e conformidade de todos os intervinientes, e quedarán en todo caso amparadas polo segredo profesional. Están igualmente amparadas polo segredo profesional as gravacións realizadas polo cliente, non coñecidas polo seu profesional da avogacía, mesmo se este non o era ou non interveu no dito momento, de conversacións en que interveña o profesional da avogacía da outra parte.

4. O profesional da avogacía deberá facer respectar o segredo profesional aos seus colaboradores e asociados, así como ao persoal correspondente e demais persoas que cooperen con el na súa actividade profesional.

5. O deber de segredo profesional permanece mesmo despois de cesar na prestación dos servizos ao cliente, sen que estea limitado no tempo.

6. O avogado quedará relevado deste deber sobre aquilo que só afecte ou se refira ao seu cliente, sempre que este llo autorizase expresamente.

**Artigo 23. *Confidencialidade das comunicacións entre os profesionais da avogacía.***

O profesional da avogacía non poderá achegar aos tribunais, nin facilitar ao seu cliente, as cartas, documentos e notas que, como comunicación entre profesionais da avogacía, manteña co profesional da avogacía da outra parte, salvo que este o autorice expresamente. Esta prohibición non alcanzará as cartas, documentos e notas en que interveña con mandato representativo do seu cliente e así o faga constar expresamente.

**Artigo 24. *Entrada e rexistro en despachos profesionais.***

Os decanos dos colexios, quen estatutariamente os substitúa ou quen, para tal fin, fose designado polo decano asistirán, por petición do interesado, á práctica dos rexistros no despacho profesional dun profesional da avogacía e a cantas dilixencias de revisión dos documentos, soportes informáticos ou arquivos intervidos naquel se efectúen, velando pola salvagarda do segredo profesional e, especialmente, por que o rexistro, así como o resto das actuacións, ás cales tamén asistirán, se limiten exclusivamente á investigación do ilícito por razón do cal foron acordados.

**CAPÍTULO V****Honorarios profesionais****Artigo 25. *Dereito ao cobramento de honorarios.***

O profesional da avogacía ten dereito a unha contraprestación polos seus servizos, así como ao reintegro dos gastos ocasionados.

**Artigo 26. *Libre fixación de honorarios.***

A contía dos honorarios será libremente convida entre o cliente e o profesional da avogacía con respecto ás normas deontolóxicas e sobre defensa da competencia e competencia desleal.

Artigo 27. *Encarga profesional.*

1. Antes de iniciar a súa actuación profesional, o profesional da avogacía proporcionaralle ao seu cliente a información a que se refire o artigo 48 do presente estatuto xeral, preferentemente mediante a utilización de follas de encarga.

2. Os colexios da avogacía establecerán modelos de follas de encarga para promover e facilitar o seu uso.

Artigo 28. *Obriga de emitir factura.*

O profesional da avogacía ou a sociedade profesional deberanlle entregar factura ao cliente. Esta factura terá que cumprir todos os requisitos legais e deberá expresar, detalladamente, os diferentes conceptos dos honorarios e a relación de gastos. Na medida do posible, fomentárase a utilización da factura electrónica.

Artigo 29. *Criterios orientativos para os efectos de taxación de custas e xura de contas.*

Os colexios da avogacía poderán elaborar criterios orientativos de honorarios para os exclusivos efectos da taxación de custas e da xura de contas dos profesionais da avogacía, así como informar e ditaminar sobre honorarios profesionais, e poderán, incluso, emitir informes periciais, nos termos do artigo 5.o) da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais. Os citados criterios serán igualmente válidos para o cálculo de honorarios que correspondan para os efectos de taxación de custas en asistencia xurídica gratuíta.

## CAPÍTULO VI

### Asistencia xurídica gratuíta e de oficio

Artigo 30. *Ámbito.*

De conformidade co previsto no artigo 22 da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, os colexios da avogacía implantarán servizos de asesoramento aos peticionarios de asistencia xurídica gratuíta, coa finalidade de orientar e canalizar as súas pretensións. O dito asesoramento terá, en todo caso, carácter gratuíto para os solicitantes.

Correspóndelles aos profesionais da avogacía prestar os servizos obrigatorios de asistencia letrada e de defensa gratuítas, nos termos e nos supostos previstos nas leis.

Tamén lles corresponde aos profesionais da avogacía o asesoramento e a defensa de quen desexe exercer os seus dereitos ante calquera xurisdición ou Administración e non conte con profesional da avogacía que o defenda ou asesore, coa obriga de aboar os seus honorarios.

Artigo 31. *Organización e control.*

1. Os profesionais da avogacía desempeñarán as funcións a que se refire este capítulo coa liberdade, independencia e dilixencia profesionais que lles son propias e conforme as normas deontolóxicas que rexen a profesión e a normativa reguladora da asistencia xurídica gratuíta.

2. O desenvolvemento das ditas funcións será organizado polo Consello Xeral da Avogacía Española, polos consellos autonómicos, de ser o caso, e polos colexios da avogacía. Estes últimos procederán á designación do profesional da avogacía que deba asumir cada asunto, ao control do seu desempeño, ao establecemento das normas e requisitos a que deba aterse a prestación dos servizos correspondentes e á exixencia das responsabilidades que procedan, todo iso conforme a lexislación vixente. Os profesionais da avogacía desenvolverán as referidas funcións no ámbito territorial de adscrición que corresponda en cada caso, de conformidade coas previsións contidas nas normas reguladoras da asistencia xurídica gratuíta.

3. Correspóndelle ao Consello Xeral da Avogacía Española resolver sobre cal é o colexio da avogacía competente para tramitar as solicitudes de asistencia xurídica gratuíta en caso de conflito entre colexios pertencentes a distintas comunidades autónomas ou cando os colexios en conflito pertencen a unha mesma comunidade autónoma, sempre que non exista Consello autonómico e que a normativa autonómica non dispoña outra cousa.

4. Correspóndelle, así mesmo, ao Consello Xeral da Avogacía Española resolver en caso de conflito cal é o colexio da avogacía competente para tramitar as solicitudes de asistencia xurídica gratuíta nos litixios transfronteirizos da Unión Europea.

5. Correspóndelle ao colexio da avogacía do lugar de domicilio ou residencia habitual do solicitante tramitar as solicitudes de asistencia xurídica gratuíta para litigar noutro Estado membro da Unión Europea.

6. A asistencia e defensa de quen ten dereito á asistencia xurídica gratuíta é unha obriga de todos os profesionais da avogacía. Con todo, naqueles colexios que contan cun número suficiente de profesionais da avogacía, poderase organizar o servizo con voluntarios.

## CAPÍTULO VII

### **Exercicio da profesión de avogado e avogada en España por profesional da avogacía doutros Estados membros da Unión Europea**

#### *Artigo 32. Libre prestación de servizos.*

Os profesionais da avogacía establecidos con carácter permanente nun Estado membro da Unión Europea poderán desenvolver libremente en España, en réxime de prestación ocasional, as actividades propias da avogacía, nas condicións que se regulan na normativa vixente.

#### *Artigo 33. Dereito de establecemento.*

1. Os profesionais da avogacía doutros Estados membros da Unión Europea e do Espazo Económico Europeo terán dereito a exercer a súa actividade profesional en España, de forma permanente e co seu título profesional de orixe, baixo a denominación de profesional «da avogacía inscrito», nos termos e coas limitacións previstas na normativa relativa ao exercicio en España da profesión de avogado con título profesional obtido noutro Estado membro da Unión Europea.

2. O «profesional da avogacía inscrito» poderá exercer a profesión segundo as modalidades de exercicio previstas con carácter xeral no presente estatuto.

#### *Artigo 34. Concerto con profesional da avogacía española.*

1. Os profesionais da avogacía visitantes e os «profesionais da avogacía inscritos» deberán actuar concertadamente cun profesional da avogacía colexiado en España nos termos previstos nas normas aplicables.

2. O concerto deberá ser comunicado en cada caso ao colexio da avogacía ante cuxo decano se presentase o profesional da avogacía visitante ou onde o «profesional da avogacía inscrito» figure rexistrado, mediante escrito asinado por ambos os profesionais. Así mesmo, a existencia do concerto deberá facerse constar en todas as actuacións profesionais a que afecte.

3. O concerto obriga o profesional da avogacía colexiado a acompañar e asistir o «profesional da avogacía inscrito» ou o profesional da avogacía visitante nas actuacións profesionais.



## TÍTULO III

**Formas de exercicio profesional**

## CAPÍTULO I

**Exercicio individual***Artigo 35. Exercicio como titular dun despacho.*

1. O exercicio individual da avogacía poderase desenvolver por conta propia como titular dun despacho. O profesional da avogacía responderá profesionalmente fronte ao seu cliente das actuacións que realicen os profesionais da avogacía que, de ser o caso, estean integrados no seu despacho, sen prexuízo da súa facultade de repetir fronte a estes. Con todo, todos os profesionais da avogacía actuantes quedan sometidos aos deberes deontolóxicos e asumirán a súa propia responsabilidade.

2. Os honorarios a cargo do cliente devindicaranse a favor do titular do despacho, mesmo no caso de que as actuacións sexan realizadas por outros profesionais da avogacía por delegación ou substitución. Pola súa vez, o dito titular responderá persoalmente dos honorarios debidos aos profesionais da avogacía aos cales encargue ou nos cales delegue actuacións, incluso no caso de que o cliente deixase de aboárllelos, salvo pacto escrito en contrario.

3. Non se perderá a condición de profesional da avogacía titular dun despacho individual:

a) Cando o profesional da avogacía se limite a compartir locais, instalacións, servizos ou outros medios con outros profesionais da avogacía, mantendo a independencia dos seus bufetes e sen identificación conxunta ante os clientes.

b) Cando o profesional da avogacía concerte acordos de colaboración para determinados asuntos ou clases de asuntos con outros profesionais da avogacía ou despachos colectivos, nacionais ou estranxeiros, calquera que sexa a súa forma.

*Artigo 36. Colaboración profesional.*

1. O exercicio da avogacía por conta propia en réxime de colaboración profesional deberá pactarse por escrito, fixando as condicións, duración, alcance e réxime económico da colaboración.

2. O profesional da avogacía colaborador, que actuará con plena independencia e liberdade, deberá coñecer a identidade do cliente, respecto de quen deberá cumprir todos os seus deberes deontolóxicos.

3. O colaborador deberá facer constar, de ser o caso, que actúa por substitución ou delegación do despacho co cal colabore.

## CAPÍTULO II

**Exercicio en réxime laboral***Artigo 37. Réxime laboral.*

A avogacía poderá exercerse por conta allea en réxime de relación laboral especial ou común.

*Artigo 38. Relación laboral especial.*

A relación laboral de carácter especial dos profesionais da avogacía que prestan servizos en despachos de profesionais da avogacía, individuais ou colectivos, réxese pola normativa reguladora da dita relación laboral de carácter especial.

Artigo 39. *O avogado e a avogada de empresa.*

A avogacía tamén poderá exercerse por conta allea como profesional da avogacía de empresa en réxime de relación laboral común, mediante contrato de traballo formalizado por escrito e no cal deberán respectarse a liberdade, a independencia e o segredo profesional básicos para o exercicio da profesión, e expresarse se o dito exercicio foi en réxime de exclusividade.

### CAPÍTULO III

#### Exercicio colectivo

Artigo 40. *Exercicio colectivo da avogacía.*

A profesionais da avogacía poderán exercer a avogacía colectivamente mediante a súa agrupación baixo calquera das formas lícitas en dereito. Cando se cree unha sociedade que teña por obxecto o exercicio en común da avogacía, esta deberá constituírse como sociedade profesional, de acordo co disposto pola Lei 2/2007, do 15 de marzo, de sociedades profesionais, e demais normativa estatal ou autonómica que corresponda, e resultaranlle de aplicación as previsións específicas deste estatuto e dos particulares de cada colexio.

Presumirase que existe exercicio colectivo da profesión, de acordo co disposto na disposición adicional segunda da Lei 2/2007, do 15 de marzo, cando o exercicio da actividade se desenvolva publicamente, sen constituírse en sociedade profesional, baixo unha denominación común ou colectiva, ou se emitan documentos, facturas, minutas ou recibos baixo a dita denominación.

Artigo 41. *Sociedades profesionais para o exercicio da avogacía.*

1. As sociedades profesionais que se constituán para o exercicio da avogacía rexeranse polo disposto na lexislación reguladora das sociedades profesionais, polas súas normas de desenvolvemento, pola normativa autonómica que, de ser o caso, sexa aplicable, polo presente estatuto e polos estatutos particulares de cada colexio da avogacía.

2. Así mesmo, rexeranse polas mesmas normas as sociedades profesionais que teñan por obxecto o exercicio profesional de varias actividades profesionais, cando unha delas sexa a avogacía.

3. O colexio da avogacía en que se encontren inscritas exercerá sobre as sociedades profesionais as mesmas competencias que lle atribúe o ordenamento xurídico sobre os profesionais da avogacía, en especial polo que se refire á deontoloxía profesional e ao exercicio da potestade sancionadora.

4. As sociedades profesionais poderán prever nos seus estatutos ou acordar nun momento posterior que as controversias que xurdan entre os socios, entre estes e os administradores e entre calquera deles e a sociedade, incluídas as relativas ao funcionamento, separación, exclusión e determinación da cota de liquidación, se sometan a arbitraje colexial.

Artigo 42. *Exercicio colectivo en forma non societaria.*

1. O despacho colectivo deberá ter como obxecto exclusivo o exercicio profesional da avogacía e estar integrado só por profesionais da avogacía, sen limitación de número.

2. A agrupación deberá constituírse por escrito e permitir a identificación dos seus integrantes en todo momento.

3. Nas intervencións profesionais que realicen, nas follas de encarga que subscriban e nas minutas que emitan, os profesionais da avogacía deberán deixar constancia da súa condición de profesionais da avogacía agrupados nun despacho colectivo. Os honorarios corresponderán ao colectivo sen prexuízo do réxime interno de distribución que conviñesen.

Non obstante, as actuacións correspondentes á asistencia xurídica gratuíta terán carácter persoal, mesmo cando poida aboarse a retribución a nome do despacho colectivo, que deberá emitir a correspondente factura ou documento que a substitúa.

4. A actuación profesional dos integrantes do despacho colectivo estará sometida á disciplina colexial do colexio en cuxo ámbito se efectúa e responderá persoalmente o profesional da avogacía que a efectuase. Non obstante, estenderanse a todos os membros do despacho colectivo o deber de segredo profesional, as incompatibilidades que afecten calquera dos seus integrantes e as situacións de prohibición de actuar en defensa de intereses contrapostos cos patrocinados por calquera deles.

5. A responsabilidade civil que poida corresponder ao despacho colectivo exixirase conforme o réxime xurídico xeral que corresponda á forma de agrupación utilizada. Ademais, sen prexuízo do previsto na disposición adicional segunda da Lei 2/2007, do 15 de marzo, todos os profesionais da avogacía que interviñesen nun asunto responderán civilmente fronte ao cliente con carácter persoal, solidario e ilimitado.

6. Para a mellor salvagarda do segredo profesional e das relacións internas, as regras do despacho colectivo poderán someter a arbitraxe colexial as discrepancias que poidan xurdir entre os seus membros a causa do funcionamento, separación ou liquidación do despacho.

#### CAPÍTULO IV

##### **Exercicio en réxime de colaboración multiprofesional**

Artigo 43. *Exercicio da avogacía en réxime de colaboración multiprofesional.*

1. Os profesionais da avogacía poderanse asociar en réxime de colaboración multiprofesional con outros profesionais liberais non incompatibles utilizando calquera forma lícita en dereito, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

a) Que a agrupación teña por obxecto a prestación de servizos conxuntos, entre os cales deberán incluírse necesariamente servizos xurídicos que se complementen cos das outras profesións.

b) Que a actividade que se vaia desempeñar non afecte o correcto exercicio da avogacía.

c) Que se cumpran as condicións establecidas no artigo 42 do presente estatuto no que afecte o exercicio da avogacía, salvo o seu punto primeiro.

2. Os profesionais da avogacía deberán separarse cando calquera dos integrantes da agrupación incumpra as normas sobre prohibicións, incompatibilidades ou deontoloxía propias da avogacía, sen prexuízo das sancións que, de ser o caso, sexan procedentes.

#### CAPÍTULO V

##### **Rexistros de sociedades profesionais**

Artigo 44. *Rexistros colexiais.*

1. Cada colexio da avogacía creará os rexistros que determine e que permitan inscribir con carácter obrigatorio e coa debida separación:

a) As sociedades profesionais cuxo obxecto social único sexa o exercicio da avogacía.

b) As sociedades profesionais multidisciplinares que se dediquen tamén ao exercicio da avogacía.

2. A inscrición nos rexistros ten por obxecto a incorporación das sociedades profesionais ao colexio para que este poida exercer validamente as súas competencias.

3. Os rexistros creados polos colexios da avogacía poderanse levar en soporte informático, con pleno respecto ás normas sobre protección de datos persoais.

4. As sociedades profesionais inscribíranse nos rexistros do colexio do seu domicilio social ou estatutario.

#### Artigo 45. *Asentos rexistrados.*

1. No rexistro correspondente abrírase unha folla para cada entidade, na cal se inscribirán os datos que especifique en cada momento a lexislación reguladora das sociedades profesionais. Os colexios especificarán o contido das ditas follas, atendendo ás previsións legais aplicables.

2. Todos os actos inscribíbles deberán comunicarse e presentarse á inscrición dentro do prazo dun mes contado desde a súa adopción. Cando consten en escritura pública, deberá presentarse copia autorizada ao solicitar a inscrición.

3. A inscrición ou a súa denegación deberá ser efectuada polo encargado do rexistro no prazo doutro mes. O silencio operará con carácter positivo e, nese caso, deberáse efectuar a inscrición.

4. Sen prexuízo doutras formas de publicidade que prevexa a lexislación sobre sociedades profesionais, a publicidade dos datos inscritos realizarase por certificación do contido da folla ou dos seus asentos ou por simple nota informativa ou copia. Fomentarase a utilización de medios informáticos.

5. Todas as inscricións que se practiquen devindicarán os dereitos que determine cada colexio da avogacía en función do custo do servizo.

#### Artigo 46. *Rexistro estatal de sociedades profesionais.*

O Consello Xeral da Avogacía Española poderá crear o Rexistro estatal de sociedades profesionais dedicadas ao exercicio da avogacía, que se formará exclusivamente cos datos que lle remitan os colexios da avogacía. A súa publicidade realizarase por medios informáticos e a través do portal da internet do Consello Xeral, coas garantías de confidencialidade que resulten precisas.

## TÍTULO IV

### **Relacións entre profesionais da avogacía e clientes**

#### Artigo 47. *Independencia e liberdade do profesional da avogacía.*

1. A independencia e a liberdade son principios reitores da profesión que deben orientar en todo momento a actuación do profesional da avogacía, calquera que sexa a forma en que exerza a profesión. O profesional de avogacía deberá rexeitar a realización de actuacións que poidan comprometer a súa independencia e liberdade.

2. A relación do profesional da avogacía co cliente debe fundarse na recíproca confianza.

3. En todo caso, deberá cumprir coa máxima dilixencia a misión de asesoramento ou defensa que lle fose encomendada, e procurar de modo prioritario a satisfacción dos intereses do seu cliente.

4. O profesional da avogacía realizará, con plena liberdade e independencia e baixo a súa responsabilidade, as actividades profesionais que lle impoña a defensa do asunto que lle fose encomendado, aténdose ás exixencias técnicas e deontolóxicas adecuadas á tutela xurídica do asunto.

#### Artigo 48. *Deberes de información e identificación.*

1. O profesional da avogacía debe facilitar ao cliente o seu nome, número de identificación fiscal, colexio a que pertence e número de colexiado, domicilio profesional e medio para pórse en comunicación con el ou co seu despacho, incluíndo a vía electrónica.

Cando se trate dunha sociedade profesional ou despacho colectivo, deberá informar o cliente da súa denominación, forma, datos de rexistro, réxime xurídico, código de identificación fiscal, enderezo ou sede desde a cal se presten os servizos e medios de contacto, incluíndo a vía electrónica.

2. Cando os servizos requiridos exixan a participación de diferentes profesionais da avogacía dunha mesma sociedade ou organización, o cliente terá dereito a coñecer a identidade de todos eles, o colexio a que pertencen e, se se trata de sociedades profesionais, se son ou non socios, así como o profesional da avogacía que asuma a dirección do asunto.

3. O profesional da avogacía ten a obriga de informar o seu cliente sobre a viabilidade do asunto que se lle confía, procurará disuadilo de promover conflitos ou exercer accións xudiciais sen fundamento e aconsellarao, de ser o caso, sobre as vías alternativas para a mellor satisfacción dos seus intereses.

4. Así mesmo, informarao sobre os honorarios e custos da súa actuación, mediante a presentación da folia de encarga ou medio equivalente. Tamén lle fará saber as consecuencias que pode ter unha condena en custas e a súa contía aproximada.

5. O profesional da avogacía deberá informar o seu cliente acerca do estado do asunto en que estea a intervir e sobre as incidencias e resolucións relevantes que se produzan. Nos procedementos administrativos e xudiciais, se o cliente o require, proporcionaralle copia dos diferentes escritos que se presenten ou reciban, das resolucións xudiciais ou administrativas que lle sexan notificadas e das gravacións de actuacións que se produciron.

6. O profesional da avogacía só poderá emitir informes que conteñan valoracións profesionais sobre o resultado probable dun asunto, litixio ou unha estimación das súas posibles consecuencias económicas, se a petición procede do cliente afectado, quen, en todo caso, deberá ser o exclusivo destinatario, salvo que o cliente, de maneira expresa, o autorice para dalo a coñecer a un terceiro.

7. Así mesmo, o profesional da avogacía ten dereito a solicitar do cliente, mantendo a confidencialidade necesaria, canta información e documentación resulte relevante para o correcto exercicio da súa función. En ningún caso o profesional da avogacía poderá reter documentación do cliente, sen prexuízo de que poida conservar copia.

#### Artigo 49. *Información complementaria.*

1. Se o cliente o solicita, o profesional da avogacía porá á súa disposición a seguinte información complementaria:

- a) Referencia ás normas de acceso á profesión de profesional da avogacía en España, así como os medios necesarios para acceder ao seu contido.
- b) Referencia das súas actividades multidisciplinares.
- c) Posibles conflitos de intereses e medidas adoptadas para evitalos.
- d) Códigos deontolóxicos ou de conduta a que estea sometido, así como o enderezo en que os ditos códigos poden ser consultados.

2. A citada información porase á disposición do cliente nalgunha das formas seguintes:

- a) No lugar de prestación do servizo ou de subscripción do contrato.
- b) Por vía electrónica.
- c) En calquera tipo de documento informativo que se lle facilite ao cliente presentándolle os servizos de forma detallada.

3. A información recollida nas letras b) e c) do punto primeiro deste artigo deberá figurar sempre en todo documento informativo en que o profesional da avogacía presente detalladamente os seus servizos.

*Artigo 50. Aceptación e renuncia de encargos profesionais.*

1. O profesional da avogacía terá plena liberdade para aceptar ou rexeitar a dirección de calquera asunto que lle sexa encomendado.

2. O profesional da avogacía poderá cesar na súa intervención profesional cando xurdan discrepancias co seu cliente e deberá facelo cando concorran circunstancias que afecten a súa independencia e liberdade na defensa ou o deber de segredo profesional.

3. O profesional da avogacía poderá renunciar á defensa procesual que lle fose confiada en calquera fase do procedemento, sempre que non se cause indefensión ao cliente, e estará obrigado a despachar os trámites procesuais urxentes.

O profesional da avogacía comunicarlle a súa renuncia por escrito dirixido ao cliente e, de ser o caso, ao órgano xudicial ou administrativo ante o cal comparecese e deberá proporcionarlle ao compañeiro que se faga cargo do asunto e que llo requira todos os datos e informacións que sexan necesarios para a adecuada defensa do cliente.

4. A asistencia xurídica gratuíta e a quenda de oficio rexeranse pola súa propia normativa específica.

*Artigo 51. Conflito de intereses.*

1. O profesional da avogacía está obrigado a non defender intereses en conflito con aqueles cuxo asesoramento ou defensa lle fose encomendado ou cos seus propios e, en especial, a non defraudar a confianza do seu cliente.

2. O profesional da avogacía non poderá intervenir por conta de dous ou máis clientes nun mesmo asunto se existe conflito ou risco significativo de conflito entre os intereses deses clientes, salvo autorización expresa e por escrito de todos eles, logo de seren debidamente informados para o efecto e sempre que se trate dun asunto ou encarga de natureza non litixiosa. Así mesmo, o profesional da avogacía poderá intervenir en interese de todas as partes en funcións de mediador e na preparación e redacción de documentos de natureza contractual; nestes casos deberá manter unha estrita neutralidade.

3. Cando xurda un conflito de intereses entre dous clientes, o profesional da avogacía deberá deixar de actuar para ambos, salvo autorización expresa por escrito dos dous para intervenir en defensa dun deles.

4. O profesional da avogacía deberá absterse de actuar para un novo cliente cando exista risco de vulneración do segredo profesional respecto a informacións proporcionadas por un antigo cliente ou se o coñecemento que o profesional da avogacía posúe por razón doutros asuntos do antigo cliente poida favorecer indebidamente o novo cliente en prexuízo do antigo.

5. Cando varios profesionais da avogacía exerzan de forma colectiva ou formen parte ou colaboren nun mesmo despacho, calquera que sexa a forma asociativa utilizada, as regras establecidas neste artigo serán aplicables ao grupo no seu conxunto e a todos e cada un dos seus membros.

*Artigo 52. Obrigas en materia de reclamacións.*

1. Os profesionais da avogacía porán á disposición dos seus clientes un número de teléfono, un número de fax, un enderezo de correo electrónico ou un enderezo postal para que estes poidan dirixir as súas reclamacións ou peticións de información sobre o servizo prestado.

2. Os profesionais da avogacía deberán dar resposta ás reclamacións que se presenten no prazo máis breve posible e, en todo caso, antes dun mes contado desde que se recibisen.

*Artigo 53. Relación do profesional da avogacía coa parte contraria.*

1. Cando lle conste que conta con asistencia letrada, o profesional da avogacía non poderá entrar en contacto directo coa parte contraria e só se poderá relacionar con ela a través do seu profesional da avogacía, salvo que este o autorice expresamente.



2. Se a parte contraria non está asistida por profesional da avogacía, o interviniente deberá evitar toda clase de abuso e absterse de calquera acto que determine unha lesión inxusta. En todo caso, recomendaralle que designe profesional da avogacía.

Artigo 54. *Participación en procedementos de contratación pública.*

Os profesionais da avogacía que participen nun procedemento de contratación suxeito á lexislación de contratos do sector público poderán incluír no seu historial profesional, no caso de solicitarse así nos pregos de contratación, referencias aos clientes para os cales prestaron servizos, sempre que estes non o prohibisen expresamente e que se respecte o deber de confidencialidade e a normativa sobre protección de datos persoais, sen infrinxir o dereito á intimidade das persoas físicas.

## TÍTULO V

### Profesionais da avogacía e Administración de xustiza

Artigo 55. *Deber xeral de cooperación.*

1. Na súa condición de garante da efectividade do dereito constitucional de defensa e de colaborador coa Administración de xustiza, o profesional da avogacía está obrigado a participar e cooperar con ela asesorando, conciliando e defendendo en dereito os intereses que lle sexan confiados.

2. Na súa intervención ante os órganos xurisdicionais, o profesional da avogacía deberá aterse na súa conduta á boa fe, prudencia e lealdade. A forma da súa intervención deberá gardar o debido respecto aos ditos órganos e aos profesionais da avogacía defensores das demais partes.

Artigo 56. *Localización nas salas e dependencias xudiciais.*

1. Os profesionais da avogacía terán dereito a intervenir ante os xulgados e tribunais de calquera xurisdición sentados no estrado, preferentemente, ao mesmo nivel en que se encontre instalado o órgano xurisdiccional ante o que actúen e vestindo toga, adecuando a súa indumentaria á dignidade da súa función.

En todo caso, atenderase ás indicacións que, no exercicio da policía de estrados, poidan ser adoptadas polo órgano xudicial.

2. O profesional da avogacía actuante poderá ser auxiliado ou substituído en calquera dilixencia xudicial por un ou varios compañeiros en exercicio, podendo intervenir dous ou máis profesionais da avogacía nas vistas sempre que esa intervención conxunta presente xustificación suficiente a criterio do órgano xudicial. Para a substitución bastará a declaración do profesional da avogacía substituto baixo a súa propia responsabilidade.

3. Os profesionais da avogacía que estean procesados ou imputados e se defendan a si mesmos ou colaboren co seu defensor usarán toga e, neste caso, ocuparán o sitio dos profesionais da avogacía.

4. Os colexios velarán por que nas sedes de xulgados e tribunais se instalen dependencias dignas e suficientes para a súa utilización por parte dos profesionais da avogacía no desenvolvemento das súas funcións.

Artigo 57. *Atrasos nas actuacións xudiciais.*

Os profesionais da avogacía esperarán un tempo prudencial sobre a hora sinalada polos órganos xudiciais para as actuacións en que deban intervenir, transcorrido o cal sen causa xustificada formularán a pertinente queixa ante o mesmo órgano.

Así mesmo, deberán denunciar o atraso ante a Xunta de Goberno do correspondente colexio para que poida adoptar as actuacións pertinentes.

Os colexios establecerán protocolos de actuación para que ante a reiteración de atrasos inxustificadas se presente a correspondente denuncia ante o Consello Xeral do Poder Xudicial.

**Artigo 58. *Protección da liberdade e independencia do profesional da avogacía.***

1. Na súa actuación ante os xulgados e tribunais os profesionais da avogacía son libres e independentes, gozarán dos dereitos inherentes á dignidade da súa función e poderán solicitar ser amparados na súa liberdade de expresión e defensa, nos termos previstos nas normas aplicables.

2. Se o profesional da avogacía considerar que a autoridade, xuíz ou tribunal coarta a independencia e liberdade necesarias para cumprir os seus deberes profesionais, ou que non garda a consideración debida á súa función, poderá facelo constar así ante o propio xulgado ou tribunal e dar conta á Xunta de Goberno. A Xunta, se estimar fundada a queixa, adoptará medidas activas para amparar a liberdade, independencia e dignidade profesionais.

3. Os colexios notificarán os amparos concedidos ás autoridades, xuíces ou tribunais que coartasen a liberdade ou independencia dos profesionais da avogacía e denunciarán as ditas condutas, cando cumpra, ante o Consello Xeral do Poder Xudicial e as institucións pertinentes. Así mesmo, os colexios da avogacía promoverán fórmulas para seren oídos ante as salas de goberno dos seus respectivos tribunais superiores de xustiza nos expedientes gubernativos seguidos contra calquera profesional da avogacía e os seus recursos.

## TÍTULO VI

### **Relacións entre profesionais da avogacía**

**Artigo 59. *Deberes para cos outros profesionais da avogacía.***

1. Os profesionais da avogacía deben manter recíproca lealdade e respecto mutuo.  
2. En todo caso, os profesionais da avogacía están obrigados nas relacións con outros compañeiros ao seguinte:

a) Comunicarlle ao colexio a intención de interpor, en nome propio ou do cliente, unha acción de responsabilidade civil ou penal contra outro profesional da avogacía, derivada do exercicio profesional.

b) Manter o máis absoluto respecto polo profesional da avogacía da parte contraria, evitando toda alusión persoal nos escritos xudiciais, informes orais e calquera comunicación oral ou escrita.

c) Non atribuírse facultades distintas das conferidas polo cliente.

d) Comunicar o cesamento ou a interrupción das negociacións extraxudiciais antes de presentar reclamación xudicial ou, de ser o caso, de solicitar a execución dunha resolución.

e) Absterse de pedir a declaración testifical do profesional da avogacía da parte contraria ou doutros profesionais da avogacía que tivesen algunha implicación profesional no asunto.

**Artigo 60. *Substitución do profesional da avogacía.***

1. O profesional da avogacía a quen se lle encargue a dirección profesional dun asunto encomendado a outro compañeiro deberá comunicarllo a este nalgunha forma que permita a constancia da recepción, acreditando ter recibido a encarga do cliente.

2. O profesional da avogacía substituído, coa maior brevidade, deberá expedir xustificante de recepción da comunicación, pór á disposición do compañeiro a documentación relativa ao asunto que conste no seu poder e proporcionarlle os datos e informacións que sexan necesarios.

3. O novo profesional da avogacía queda obrigado a respectar e preservar o segredo profesional sobre a documentación recibida, con especial atención á confidencialidade das comunicacións entre compañeiros.

4. Se a substitución entre profesionais ten lugar no marco dun expediente xudicial electrónico, observárase o establecido no artigo 17 da Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e a comunicación na Administración de xustiza, e nas súas disposicións de desenvolvemento.

## TÍTULO VII

### Deontoloxía profesional

#### Artigo 61. *Deontoloxía profesional.*

1. Os profesionais da avogacía están obrigados a respectar as normas deontolóxicas da profesión contidas neste estatuto xeral, no Código deontolóxico da avogacía española, no Código deontolóxico do Consello da Avogacía Europea e en calquera outro que lle resulte aplicable.

2. Cando o profesional da avogacía actúe fóra do ámbito territorial do seu colexio, deberá respectar, ademais, as normas deontolóxicas vixentes no lugar en que desenvolva a súa actuación profesional, conforme o artigo 3.3 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais.

## TÍTULO VIII

### Formación e especialización dos profesionais da avogacía

#### Artigo 62. *Escolas de práctica xurídica.*

No ámbito profesional e corporativo da avogacía, e no marco da normativa reguladora do acceso á profesión, correspóndelles aos colexios profesionais e ao Consello Xeral da Avogacía Española o exercicio, respectivamente, das competencias previstas na Lei 34/2006, do 30 de outubro, sobre o acceso ás profesións de avogado e procurador dos tribunais, para a creación, homologación e funcións que deban desenvolver as escolas de práctica xurídica, co fin de cumprir a misión de impartir a formación dirixida á obtención do título profesional, ademais da continua de todos os colexiados, incluída a súa especialización en determinadas ramas do dereito.

#### Artigo 63. *Réxime de participación dos profesionais da avogacía nas prácticas externas para a obtención do título profesional.*

1. Os profesionais da avogacía que participen como titores nas prácticas externas previstas na Lei 34/2006, do 30 de outubro, e na súa normativa de desenvolvemento, deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) O titor responsable de cada equipo de titoría das prácticas externas deberá ter exercido a profesión durante polo menos cinco anos.
- b) Os demais profesionais da avogacía titores deberán ter exercido a profesión durante polo menos tres anos.
- c) Non poderá ser responsable nin participar nun equipo de titoría o profesional da avogacía que fose obxecto de sanción disciplinaria en canto non a cumprise.

2. Son obrigas dos profesionais da avogacía titores:

- a) Respectar o plan de formación da entidade responsable das prácticas externas e cumprir a súa normativa reguladora.
- b) Coordinar co responsable do equipo de titoría a súa actividade titorial no desenvolvemento das prácticas externas e facilitarlle a información que este lle requira.

- c) Manter o debido respecto e consideración aos alumnos.
- d) Prestar apoio e asistencia aos alumnos durante todo o período de prácticas externas, proporcionándolles os medios materiais indispensables para o desenvolvemento da práctica.
- e) Entrevistarse cos alumnos coa periodicidade que se estableza na normativa reguladora de cada período de prácticas externas.
- f) Transmitirle ao alumno os seus coñecementos, experiencias, métodos e usos de traballo, así como os principios propios da avogacía, con especial atención aos seus valores deontolóxicos.
- g) Non encomendar ao alumno tarefas alleas ao exercicio da avogacía.
- h) Manter a condición de profesional da avogacía durante o desempeño da súa función como titor.
- i) Redactar a memoria explicativa das actividades desenvolvidas, que será supervisada polo responsable do equipo de titoría.
- j) Pór en coñecemento do colexio da avogacía correspondente os comportamentos daqueles alumnos que considere contrarios ás regras deontolóxicas e estatutarias da profesión, co fin de que o colexio llo traslade ao centro organizador das prácticas externas.

3. Son dereitos dos profesionais da avogacía titores:

- a) Obter os recoñecementos, incentivos ou vantaxes que estableza cada colexio.
- b) Obter a certificación colexial acreditativa da súa condición de profesional da avogacía titor.
- c) Contar coa colaboración do colexio para o desenvolvemento do seu labor de titoría.
- d) Finalizar anticipadamente e de forma xustificada a relación de titoría cos alumnos.

Artigo 64. *Formación continuada.*

1. Os profesionais da avogacía teñen o dereito e o deber de seguir unha formación continuada que os capacite permanentemente para o correcto exercicio da súa actividade profesional.

2. Os colexios da avogacía, principalmente a través das escolas de práctica xurídica, organizarán actividades formativas de actualización profesional para os seus colexiados e expedirán en favor dos asistentes certificacións acreditativas da súa asistencia e aproveitamento. Tamén poderán organizar este tipo de actividades conxuntamente con outras organizacións públicas ou privadas, en especial coas universidades.

Artigo 65. *Formación especializada.*

1. Os profesionais da avogacía teñen dereito a acceder a unha especialización profesional mediante a acreditación de formación específica que, no caso de formación impartida pola organización corporativa e para ter eficacia en todo o territorio do Estado, deberá ser homologada polo Consello Xeral da Avogacía Española.

2. Nos casos en que a normativa vixente exixa determinada especialización para realizar actividades concretas ou acceder a cargos ou grupos, a especialización regulada neste artigo habilitará o profesional da avogacía para iso.

## TÍTULO IX

### Organización colexial da avogacía

#### CAPÍTULO I

#### Colexios da avogacía

##### *Sección 1.ª Disposicións xerais*

Artigo 66. *Colexios da avogacía. Réxime xurídico e fins.*

1. Os colexios da avogacía son corporacións de dereito público que se rexen pola Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais, polas leis autonómicas de colexios profesionais, polo disposto no presente estatuto xeral e nos seus estatutos particulares, así como nas normas internas que aproben, e polos acordos adoptados polos diferentes órganos corporativos no ámbito das súas competencias.

2. Cada colexio da avogacía terá competencia exclusiva e excluín-te no ámbito territorial que tiña ao se promulgar a Constitución española de 1978, calquera que sexa o número de partidos xudiciais que agora comprenda. O ámbito territorial dos colexios da avogacía creados tras a Constitución de 1978 será determinado pola súa lei de creación, de conformidade co previsto nas leis estatais e autonómicas de aplicación en cada caso.

3. A modificación das demarcacións xudiciais non afectará o ámbito territorial dos colexios da avogacía, que terán competencia nas novas que poidan crearse no seu territorio.

Artigo 67. *Fins.*

Son fins esenciais dos colexios da avogacía, no seu ámbito territorial respectivo:

- a) A ordenación do exercicio da avogacía e a súa representación exclusiva.
- b) A defensa dos dereitos e intereses profesionais dos colexiados.
- c) A intervención no proceso de acceso á profesión de profesional da avogacía.
- d) A formación profesional permanente e especializada dos seus membros.
- e) O control deontolóxico e a aplicación do réxime disciplinario en garantía dos dereitos dos cidadáns e dos profesionais.
- f) A protección dos intereses dos consumidores e usuarios e dos clientes dos servizos dos profesionais da avogacía.
- g) A colaboración no funcionamento, promoción e mellora da Administración de xustiza.
- h) A defensa do Estado social e democrático de dereito proclamado na Constitución e a promoción e defensa dos dereitos humanos.
- i) A contribución á garantía do dereito constitucional de defensa e acceso á xustiza mediante a organización e prestación da defensa de oficio.

Artigo 68. *Funcións.*

Son funcións dos colexios da avogacía, no seu ámbito territorial:

- a) Exercer a representación e defensa da avogacía ante a Administración, institucións, tribunais, entidades e particulares, con lexitimación para ser parte en cantos litixios e causas afecten os dereitos e intereses profesionais.
- b) Elaborar os seus estatutos particulares e as súas modificacións, así como redactar e aprobar o seu regulamento de réxime interior.
- c) Colaborar co poder xudicial e cos demais poderes públicos mediante a realización de estudos, emisión de informes, elaboración de estatísticas e outras actividades relacionadas cos seus fins, cando lles sexan solicitadas ou o acorden por propia iniciativa.

d) Organizar e xestionar os servizos de asistencia xurídica gratuíta e cantos outros de asistencia e orientación xurídica se poidan crear, especialmente en beneficio dos sectores sociais máis desfavorecidos ou necesitados de protección.

e) Participar nas materias propias da profesión nos órganos consultivos da Administración, así como nos organismos ou asociacións interprofesionais.

f) Asegurar a representación da avogacía nos consellos sociais das universidades, nos termos establecidos polas normas que os regulen.

g) Participar na elaboración dos plans de estudos universitarios; crear, manter e propor ao Consello Xeral da Avogacía Española ou, de ser o caso, aos consellos autonómicos de colexios da avogacía a homologación de escolas de práctica xurídica e outros medios para facilitar o acceso á avogacía dos novos titulados, e organizar cursos para a formación continua e perfeccionamento e especialización profesional. Máis especificamente, poderán incorporar nos seus estatutos particulares as medidas relacionadas co desempeño da titoría dos aspirantes á avogacía que sexan necesarias para garantir a realización das prácticas establecidas nos cursos de formación para profesionais da avogacía, dispoñendo medidas de apoio aos profesionais da avogacía titores para facilitar o desempeño da súa misión.

h) Ordenar a actividade profesional dos colexiados, velando pola formación, a deontoloxía e a dignidade profesionais e polo respecto debido aos dereitos dos particulares, así como exercer a facultade disciplinaria na orde profesional e colexial.

i) Organizar e promover actividades e servizos comúns de interese para os colexiados de carácter profesional, formativo, cultural, asistencial, de previsión e outros análogos, incluído o aseguramento obrigatorio da responsabilidade civil profesional cando legalmente se estableza.

j) Impulsar a adecuada utilización por parte dos colexiados das tecnoloxías da información e as comunicacións no exercicio profesional e nas súas relacións corporativas.

k) Adoptar as medidas conducentes a evitar e perseguir a intrusión profesional, así como impedir a competencia desleal entre os colexiados.

l) Intervir, logo de solicitude dos interesados, en vías de conciliación, mediación ou arbitraje nas cuestións que, por motivos profesionais, se susciten entre os colexiados ou entre estes e os seus clientes. Especialmente, correspóndelles resolver as discrepancias que poidan xurdir en relación coa actuación profesional dos colexiados e a percepción dos seus honorarios, mediante laudo ao cal previamente se sometan de modo expreso as partes interesadas.

m) Exercer funcións de arbitraje nos asuntos que lles sexan sometidos, así como promover ou participar en institucións de arbitraje ou mediación.

n) Atender as solicitudes de información sobre os seus colexiados e sobre as sancións firmes a eles impostas, así como as peticións de inspección ou investigación que lles formule calquera autoridade competente dun Estado membro da Unión Europea nos termos previstos na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, en particular no que se refire a que as solicitudes de información e de realización de controis, inspeccións e investigacións estean debidamente motivadas e que a información obtida se empregue unicamente para a finalidade para a cal se solicitou.

ñ) Emitir informe nos procedementos xudiciais ou administrativos en que se discutan honorarios profesionais, nos termos previstos na lexislación aplicable.

o) Cantas funcións redunden en beneficio da protección dos intereses dos consumidores e usuarios dos servizos dos seus colexiados e calquera outra función establecida no presente estatuto ou que veña disposta pola lexislación estatal ou autonómica.

#### Artigo 69. *Colaboración con outras administracións públicas.*

Os colexios da avogacía cooperarán lealmente coas administracións públicas españolas e coas autoridades competentes doutros Estados membros da Unión Europea no marco das súas competencias.



*Artigo 70. Aprobación e modificación dos seus estatutos particulares.*

1. Os estatutos particulares de cada colexio e as súas modificacións serán elaborados e aprobados na forma prevista pola lexislación autonómica e polos propios estatutos particulares, con sometemento aos principios de autonomía, democracia e transparencia.

2. Os estatutos ou as súas modificacións, unha vez aprobados, seranlle remitidos ao Consello Xeral da Avogacía Española para a súa aprobación, conforme o previsto no artigo 6.4 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais, sen prexuízo da ulterior tramitación eventualmente prevista na lexislación da correspondente comunidade autónoma.

*Artigo 71. Páxina web e portelo único.*

1. Os colexios da avogacía disporán dunha páxina web para que, a través do portelo único previsto na Lei 17/2009, do 23 de novembro, reguladora do libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, os profesionais da avogacía e as sociedades profesionais poidan realizar todos os trámites necesarios para a súa colexiación, exercicio e baixa no colexio por vía electrónica e a distancia, e facilitarán, ademais, a información necesaria respecto diso. Tamén poderán, a través do portelo único, convocar os colexiados ás xuntas xerais e pór no seu coñecemento a actividade do colexio, sen prexuízo de que poidan utilizar, adicionalmente ou de forma exclusiva, outros medios.

2. Especificamente, a través de portelo único, os profesionais poderán de forma gratuíta:

a) Obter toda a información e os formularios necesarios para o acceso e exercicio da avogacía.

b) Presentar toda a documentación e solicitudes, incluída a de colexiación.

c) Coñecer o estado de tramitación dos procedementos en que teñan a condición de interesado, así como recibir a correspondente notificación dos preceptivos actos de trámite e das resolucións dos procedementos.

3. Así mesmo, para facer eficaz unha mellor defensa dos dereitos dos consumidores e usuarios, os colexios ofrecerán, a través do portelo único e de forma clara, inequívoca e gratuíta, a seguinte información:

a) O acceso ao Rexistro de colexiados, que deberá estar permanentemente actualizado e no cal constarán os nomes e apelidos dos profesionais da avogacía, número de colexiación, títulos oficiais dos cales estean en posesión, domicilio profesional e situación de habilitación profesional, e a denominación social das sociedades profesionais.

b) As vías de reclamación e, de ser o caso, os recursos que poden interporse cando se produza un conflito entre o consumidor ou usuario e un colexiado ou entre aquel e o colexio respectivo.

c) Os datos das asociacións ou organizacións de consumidores e usuarios a que os destinatarios dos servizos profesionais poden dirixirse para obteren asistencia. Esta información poderá proporcionarse a través dunha ligazón coa páxina web da Administración pública competente.

d) O acceso ao Rexistro de sociedades profesionais, que terá o contido descrito no artigo 8 da Lei 2/2007, do 15 de marzo.

e) O contido dos códigos deontolóxicos.

*Artigo 72. Medios tecnolóxicos.*

Os colexios da avogacía adoptarán cantas medidas sexan necesarias para o cumprimento dos deberes impostos neste estatuto e no resto do ordenamento xurídico e, en especial, incorporarán para iso as tecnoloxías precisas que garantan a interoperabilidade entre os distintos sistemas.

Artigo 73. *Servizo de atención aos colexiados e aos consumidores e usuarios.*

1. Os colexios da avogacía deberán atender as queixas ou as reclamacións presentadas polos colexiados.

2. Os colexios disporán dun servizo de atención aos consumidores ou usuarios e aos clientes dos servizos da avogacía, que tramitará e resolverá cantas queixas e reclamacións referidas á actividade colexial ou dos colexiados presente calquera cliente que contrate os servizos profesionais dos profesionais da avogacía que actúen no seu ámbito territorial, así como asociacións e organizacións de consumidores e usuarios na súa representación ou en defensa dos seus intereses.

3. A tramitación do procedemento de resolución de queixas e reclamacións deberá ser regulada polos colexios, que preverán expresamente que as queixas e reclamacións se poderán presentar por vía electrónica e a distancia a través do portelo único.

4. Os colexios, a través do Servizo de Atención aos Consumidores ou Usuarios, resolverán sobre as queixas ou reclamacións, segundo os casos, dalgunha das seguintes formas:

- a) Informando sobre o sistema extraxudicial de resolución de conflitos, en caso de existir e ser aplicable.
- b) Acordando remitir o expediente aos órganos colexiais competentes para iniciar o procedemento sancionador.
- c) Arquivando o expediente.
- d) Adoptando calquera outra decisión que corresponda.

Artigo 74. *Goberno corporativo e memoria anual.*

1. Os colexios da avogacía están suxeitos ao principio de transparencia e responsabilidade na súa xestión.

2. Os colexios deberán elaborar unha memoria anual que conteña, polo menos, a información seguinte:

a) Informe anual de xestión económica, incluíndo os gastos de persoal suficientemente desagregados e especificando as retribucións de todo tipo, axudas de custo e reembolso dos gastos percibidos polo conxunto dos membros da Xunta de Goberno en razón do seu cargo.

b) Importe das cotas aplicables aos conceptos e servizos de todo tipo prestados polo colexio, así como as normas para o seu cálculo e aplicación.

c) Información agregada e estatística relativa aos procedementos informativos e sancionadores en fase de instrución ou que alcanzasen firmeza, con indicación da infracción a que se refiren, da súa tramitación e da sanción imposta, de ser o caso, con pleno respecto da lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

d) Información agregada e estatística relativa ás queixas e reclamacións presentadas polos consumidores ou usuarios, da súa tramitación e, de ser o caso, dos motivos de estimación ou desestimación da queixa ou reclamación, con pleno respecto da lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

e) Os cambios no contido dos seus códigos deontolóxicos e a vía para o acceso ao seu contido íntegro.

f) As normas sobre incompatibilidades e as situacións de conflito de intereses en que se encontren os membros das xuntas de goberno.

3. A memoria anual deberá facerse pública a través da páxina web no primeiro semestre do ano seguinte.

Artigo 75. *Acción social dos colexios da avogacía.*

1. Os colexios da avogacía terán especialmente en conta a súa responsabilidade para coa sociedade en que se integran. Por iso poderán promover, organizar e executar

programas de acción social en beneficio dos sectores máis desfavorecidos, os valores democráticos de convivencia ou de loita contra a corrupción, así como para a promoción e difusión dos dereitos fundamentais.

2. Sen prexuízo das competencias dos colexios derivadas da lexislación sobre asistencia xurídica en materia de servizos de orientación xurídica, os colexios poderán organizar e prestar servizos gratuítos, con ou sen financiamento externo público ou privado, dedicados a asesorar ou, de ser o caso, defender a quen non teña acceso a outros servizos de asesoramento ou defensa gratuítos e estea en situacións de necesidade, desvantaxe ou risco de exclusión social.

Artigo 76. *Políticas de calidade dos servizos. Cartas de calidade.*

1. Os colexios da avogacía fomentarán un elevado nivel de calidade dos servizos prestados polos seus colexiados, así como a súa constante mellora.

2. Os colexios poderán pór á disposición dos seus colexiados modelos ou cartas de calidade de servizos. Igualmente, poderán facilitar que os seus colexiados sometan os servizos que prestan a avaliación ou certificación de organismos independentes.

### Sección 2.<sup>a</sup> Órganos

Artigo 77. *Órganos de goberno.*

1. O goberno dos colexios estará presidido polos principios de democracia, autonomía e transparencia. Así mesmo, deberá procurarse a incorporación de medidas que promovan a igualdade efectiva de homes e mulleres na provisión dos órganos colexiais.

2. De acordo co que dispoña a lexislación estatal e autonómica, cada colexio da avogacía será rexido pola Xunta ou Asemblea Xeral, a Xunta de Goberno e o decano.

Os estatutos particulares dos colexios poderán dispor, ademais, a existencia doutros órganos.

Artigo 78. *Atribucións da Xunta de Goberno e do decano.*

1. Os estatutos particulares de cada colexio establecerán as normas de composición e funcionamento da Xunta de Goberno.

2. En todo caso, corresponderalle ao decano a representación legal do colexio en todas as súas relacións e a presidencia de todos os órganos colexiais.

3. Son atribucións da Xunta de Goberno, salvo que estean atribuídas a outro órgano por lei ou polos estatutos do colexio de que se trate, as seguintes:

a) Resolver sobre a admisión de quen solicite incorporarse ao colexio; poderá exercer esta facultade o decano en casos de urxencia, que deberá ser ratificada pola Xunta de Goberno.

b) Convocar xuntas xerais ordinarias e extraordinarias, sinalando a orde do día para cada unha.

c) Convocar eleccións para prover os cargos de decano e da Xunta de Goberno, dispoñendo o necesario para a súa elección, conforme as normas legais e estatutarias.

d) Exercer as accións e actuacións oportunas para impedir e perseguir a intrusión, así como o exercicio da profesión por quen, colexiado ou non, a exercese en forma e baixo condicións contrarias ás legalmente establecidas.

e) Regular, nos termos legalmente establecidos, o funcionamento e as designacións para prestar os servizos de asistencia xurídica gratuíta e quenda de oficio.

f) Determinar as cotas de incorporación, que non poderán superar en ningún caso os custos asociados á tramitación da inscrición, as ordinarias e os dereitos que deban satisfacer os colexiados para o sostemento das cargas e servizos colexiais.

g) Proporlle á Xunta Xeral a imposición de cotas extraordinarias aos seus colexiados.

h) Redactar os orzamentos, render as contas anuais e administrar os fondos colexiais, así como recadar e distribuír os fondos do colexio, as cotas establecidas para o sostemento das cargas do colexio, do Consello Xeral da Avogacía Española e, de ser o caso, do Consello autonómico.

i) Aprobar ou proporlle á Xunta Xeral o establecemento de criterios orientativos de honorarios profesionais para os efectos de taxación de custas e xura de contas e emitir informes periciais respecto diso, cando proceda.

j) Exercer a potestade disciplinaria.

k) Propor á aprobación da Xunta Xeral os regulamentos de orde interior.

l) Exercer os dereitos e accións que correspondan ao colexio contra quen entorpeza o bo funcionamento da Administración de xustiza ou a liberdade e independencia do exercicio profesional.

m) Emitir consultas e ditames, administrar arbitraxes e ditar laudos arbitrais.

n) Adoptar os acordos para a contratación dos empregados necesarios para a boa marcha da corporación.

ñ) Cantas outras establece o presente estatuto xeral ou se establezan nos particulares de cada colexio.

#### Artigo 79. *Elección do decano e dos demais membros da Xunta de Goberno.*

1. En ausencia de normativa autonómica e na falta de previsión específica nos estatutos particulares de cada colexio, o decano e os demais cargos da Xunta de Goberno serán elixidos en votación directa e secreta, na cal poderán participar como electores todos os colexiados incorporados con máis de tres meses de antelación á data de convocatoria das eleccións. Serán elixibles como decano ou membros da Xunta de Goberno os colexiados exercentes e residentes no seu respectivo ámbito territorial, sempre que non estean incurso nalgunha das seguintes situacións:

a) Ter sido condenados por sentenza firme que comporte a inhabilitación ou suspensión para cargos públicos ou o exercicio da profesión, en canto subsistan.

b) Ter sido sancionados disciplinariamente por resolución administrativa firme, mentres non fosen rehabilitados.

c) Ser membros dos órganos reitores doutro colexio profesional.

d) Non estar ao día no pagamento das cotas corporativas.

2. O período do mandato dos membros da Xunta de Goberno e as condicións para a súa posible reelección fixaranse nos estatutos de cada colexio.

3. Ningún colexiado poderá presentarse como candidato a máis dun cargo dos que integren a Xunta de Goberno. Os membros da Xunta de Goberno que, antes da fin do seu mandato, queiran presentarse a calquera dos cargos que sexan obxecto de elección deberán dimitir, previamente, do cargo que ocupen.

4. Nas eleccións, o voto dos colexiados exercentes terá dobre valor que o dos demais colexiados, e proclamaranse electos para cada cargo os candidatos que obteñan a maioría. En caso de empate, entenderase elixido o que máis votos obtivese de entre os exercentes; de persistir este, o de maior tempo de exercicio no propio colexio; e se aínda se mantiver o empate, o de maior idade.

5. O procedemento electoral será establecido polos estatutos particulares de cada colexio, que poderán autorizar e regular o voto electrónico e por correo con garantías para a súa autenticidade e segredo, e establecer, en todo caso, o réxime de recursos en materia electoral.

6. Os representantes de cada candidatura poderán solicitar, dentro dos dous días seguintes á súa proclamación, unha copia do censo electoral, en soporte apto para o seu tratamento informático, que poderá ser utilizado exclusivamente para os fins electorais e durante o período de campaña con respecto á normativa de protección de datos persoais.

7. Os candidatos proclamados electos tomarán posesión conforme o establecido nos estatutos de cada colexio, logo de xuramento ou promesa de cumpriren lealmente o cargo,

con respecto á Constitución e ao resto do ordenamento xurídico, e de gardaren segredo das deliberacións da Xunta de Goberno. No prazo de cinco días desde a constitución dos órganos de goberno, deberá comunicárselles ao Consello Xeral da Avogacía Española e ao consello autonómico correspondente, con indicación da súa composición e do cumprimento dos requisitos legais.

8. En ausencia de normativa autonómica e na falta de previsión específica nos estatutos particulares de cada colexio, cando por calquera causa quede vacante a totalidade dos cargos da Xunta de Goberno dun colexio, o Consello autonómico ou, de ser o caso, o Consello Xeral da Avogacía Española designará unha xunta provisional de entre os seus membros máis antigos. A xunta provisional convocará, no prazo de trinta días naturais, eleccións para a provisión dos cargos vacantes durante o resto do mandato que reste. As eleccións deberán ter lugar dentro dos trinta días naturais seguintes, contados a partir da convocatoria.

#### Artigo 80. *Cesamento.*

Na falta doutra regulación específica, os membros da Xunta de Goberno dos colexios da avogacía cesarán polas causas seguintes:

- a) Falecemento.
- b) Renuncia.
- c) Falta inicial non coñecida ou perda sobrevida dos requisitos estatutarios e de capacidade para desempeñar o cargo.
- d) Expiración do termo ou prazo para o cal foron elixidos.
- e) Falta de asistencia inxustificada a tres sesións consecutivas da Xunta de Goberno ou a cinco alternas no termo dun ano, logo de acordo da propia Xunta.
- f) Aprobación dunha moción de censura, segundo o regulado neste estatuto e nos estatutos particulares do colexio.

#### Artigo 81. *Voto de censura ao decano e aos demais membros da Xunta de Goberno.*

1. Salvo que os estatutos particulares do colexio establezezan outra previsión, o voto de censura á Xunta de Goberno ou a algún dos seus membros competirá sempre á Xunta Xeral extraordinaria convocada para ese efecto.

2. A solicitude de convocatoria de Xunta Xeral extraordinaria requirirá a sinatura dun mínimo do 20 por 100 dos colexiados exercentes, incorporados polo menos con tres meses de antelación, e expresará con claridade as razóns en que se funde. Con todo, nos colexios con máis de cinco mil profesionais da avogacía en exercicio bastará o 15 por 100, e nos de máis de dez mil, o 10 por 100.

3. A Xunta Xeral extraordinaria deberá realizarse dentro dos trinta días hábiles contados desde que se presentase a solicitude e non poderán tratarse máis asuntos que os expresados na convocatoria.

4. A constitución válida da dita xunta xeral extraordinaria requirirá, en primeira convocatoria, a concorrencia persoal da metade máis un do censo colexial con dereito a voto e, en segunda convocatoria, bastará un terzo do censo colexial con dereito a voto. O voto deberá ser expresado necesariamente de forma persoal, directa e secreta.

#### Artigo 82. *Xuntas xerais.*

1. Os colexios da avogacía realizarán as xuntas xerais ordinarias que teñan estatutariamente previstas, así como cantas xuntas xerais extraordinarias sexan debidamente convocadas por iniciativa do decano, da Xunta de Goberno ou do número ou porcentaxe de colexiados que, para o efecto, se estableza.

2. Os estatutos particulares de cada colexio establecerán as normas de convocatoria e realización das xuntas xerais.

3. Se non se prevé outra cousa, todos os colexiados incorporados con anterioridade á data da convocatoria da xunta xeral poderán asistir con voz e voto ás xuntas xerais que se realicen.

4. O voto dos exercentes computará con dobre valor que o dos demais colexiados, salvo que os estatutos particulares os equiparen.

5. Se non se establece outra cousa, os acordos das xuntas xerais adoptaranse por maioría simple e, unha vez adoptados, serán obrigatorios para todos os colexiados, sen prexuízo do réxime de recursos.

#### Artigo 83. *Agrupacións e seccións no seo do colexio.*

1. Correspóndelle á Xunta de Goberno aprobar a constitución, suspensión ou disolución das agrupacións de profesionais da avogacía que poidan constituírse no seo do colexio, así como os seus estatutos.

2. As agrupacións de profesionais da avogacía que se constituán en cada colexio estarán subordinadas á Xunta de Goberno.

3. As actuacións e comunicacións das agrupacións deberán ser identificadas como de tal procedencia, sen atribuírse á corporación.

4. As agrupacións de profesionais da avogacía nova serán obxecto de especial atención polas xuntas de goberno.

5. A Xunta de Goberno, por propia iniciativa ou por petición do número de colexiados que estatutariamente se determine, poderá crear cantas seccións teña por conveniente co obxecto de posibilitar o contacto entre profesionais da avogacía con dedicación preferente a materias concretas e o recíproco intercambio de información técnico-xurídica sobre a especialidade de que se trate.

#### *Sección 3.ª Réxime económico*

#### Artigo 84. *Réxime económico e orzamentario dos colexios da avogacía.*

1. O exercicio económico dos colexios da avogacía coincidirá co ano natural, salvo que os seus estatutos particulares establezan outra cousa. O seu funcionamento axustarase ao réxime de orzamento anual e a súa contabilidade axustarase aos principios contables xeralmente aceptados.

2. Todos os colexiados poderán examinar as contas do colexio durante os quince días hábiles anteriores á data de realización da Xunta Xeral ou órgano que deba aprobalas.

#### Artigo 85. *Recursos económicos dos colexios da avogacía.*

Constitúen recursos económicos dos colexios da avogacía:

a) Os rendementos de calquera natureza que produzan as actividades que realice o colexio e os bens ou dereitos que integren o seu patrimonio.

b) As cotas de incorporación.

c) Os dereitos que correspondan por expedición de certificacións.

d) Os dereitos que correspondan pola emisión de ditames, resolucións, informes ou consultas que se realicen sobre calquera materia, incluídas as referidas a honorarios, a que se refire o artigo 5.o) da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais, así como pola prestación doutros servizos colexiais.

e) O importe das cotas ordinarias, fixas ou variables, así como o das cotas extraordinarias.

f) As subvencións ou donativos que concedan ao colexio as administracións públicas ou persoas físicas ou xurídicas de dereito privado.

g) Os bens e dereitos de toda clase que, por herdanza, legado ou outro título, pasen a formar parte do seu patrimonio.

h) As multas pecuniarias aboadas en virtude de resolución disciplinaria firme, que se destinarán preferentemente a fins asistenciais.

i) Calquera outro que legalmente proceda.



## *Sección 4.<sup>a</sup> Dereitos e obrigas dos colexiados en relación co colexio*

### *Artigo 86. Dereitos dos colexiados.*

Son dereitos dos colexiados, nos termos previstos nos estatutos particulares de cada colexio, os seguintes:

- a) Participar na xestión corporativa e exercer os dereitos de petición, voto e acceso aos cargos directivos.
- b) Solicitar do colexio o amparo da súa dignidade, independencia e lícita liberdade de actuación profesional, así como do seu dereito a conciliar a vida familiar coa actuación profesional.
- c) Ser informados dos acordos adoptados polos órganos colexiais que os afecten. En todo caso, os estatutos particulares do colexio, as normas aprobadas polos seus órganos e os acordos de interese xeral deberán figurar, debidamente actualizados, na páxina web do colexio e nas dependencias colexiais á disposición de quen os solicite.
- d) Os demais dereitos que lles confiran os estatutos particulares de cada colexio.

### *Artigo 87. Obrigas dos colexiados.*

Son obrigas dos colexiados:

- a) Cumprir as normas estatutarias e deontolóxicas, así como os acordos adoptados polos órganos corporativos.
- b) Estar ao día no pagamento das cotas colexiais ordinarias e extraordinarias.
- c) Estar ao día no pagamento das cotas de previsión social, sexa cal for o réxime a que estea adscrito.
- d) Denunciar ante o colexio todo acto de intrusión ou exercicio ilegal que chegue ao seu coñecemento, xa sexa debido a falta de colexiación, por suspensión ou inhabilitación do denunciado, ou por concorrer en supostos de incompatibilidade ou prohibición.
- e) Comunicarlle ao colexio o seu domicilio, o do seu despacho profesional principal e os seus eventuais cambios.
- f) Manter despacho profesional aberto, propio, alleo ou de empresa, no territorio do colexio a que estea incorporado como exercente, nos termos do artigo 7.1.

## CAPÍTULO II

### **Consellos autonómicos de colexios da avogacía**

#### *Artigo 88. Consellos autonómicos de colexios da avogacía.*

A constitución, organización, competencias e funcionamento dos consellos autonómicos de colexios da avogacía rexeranse pola lexislación autonómica.

## CAPÍTULO III

### **Consello Xeral da Avogacía Española**

#### *Sección 1.<sup>a</sup> Órganos e funcións*

#### *Artigo 89. Definición, domicilio e órganos reitores.*

1. O Consello Xeral da Avogacía Española é a corporación de dereito público que, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, representa, coordina e defende os intereses da avogacía española ante a Administración do Estado, os outros poderes e órganos do Estado e as institucións internacionais e supranacionais, incluídas as entidades similares doutros Estados.

2. O Consello Xeral da Avogacía Española está integrado por todos os colexios da avogacía de España.

3. O seu domicilio radicará en Madrid, sen prexuízo de que poida realizar reunións en calquera outro lugar do territorio español.

4. Os órganos reitores do Consello Xeral son o Pleno, a Comisión Permanente e o presidente. Os órganos colexiados serán presididos polo presidente e actuará de secretario o secretario xeral do Consello Xeral.

A convocatoria, constitución e funcionamento dos órganos colexiados rexeranse por este estatuto e polo Regulamento de réxime interior do Consello Xeral.

#### Artigo 90. *Funcións.*

1. Son funcións do Consello Xeral da Avogacía Española:

a) As atribuídas polo artigo 5 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais, aos colexios da avogacía, en canto teñan ámbito ou repercusión superior ao dunha comunidade autónoma.

b) Representar a avogacía española e ser voceiro do conxunto dos colexios da avogacía en toda clase de ámbitos, nacionais, supranacionais e internacionais, incluído o das entidades similares doutros Estados.

c) Ordenar o exercicio profesional da avogacía en España e comunicarlles os seus acordos aos colexios da avogacía e consellos autonómicos.

d) Elaborar os seus estatutos particulares e as súas modificacións, así como redactar e aprobar o seu regulamento de réxime interior; resolver as dúbidas que poidan producirse na aplicación das normas estatutarias e regulamentarias.

e) Contribuír á formación dos profesionais da avogacía e homologar as escolas de práctica xurídica creadas polos colexios da avogacía cando vaian organizar e impartir os cursos exixidos pola Lei 34/2006, do 30 de outubro.

f) Participar, nos termos previstos polo ordenamento, nos procedementos impulsados polos ministerios competentes para a convocatoria das comisións para a avaliación da aptitude profesional de quen pretenda obter o título profesional da avogacía, así como designar os membros das comisións que lle corresponda, de acordo co previsto na Lei 34/2006, do 30 de outubro, e as súas normas de desenvolvemento.

g) Participar na determinación do contido concreto de cada avaliación para o acceso á profesión do profesional da avogacía e as súas especialidades, de ser o caso.

h) Emitir informe preceptivo de todo proxecto de lei ou de disposición de carácter xeral, ou de modificación da regulación existente, calquera que sexa o seu rango, que afecte o exercicio da avogacía ou os colexios da avogacía.

i) Convocar o Congreso da Avogacía Española, así como outros congresos nacionais e internacionais de profesionais da avogacía.

j) Crear, regular e outorgar distincións para premiar os méritos contraídos ao servizo da avogacía ou no seu exercicio, así como revogalas por causas de indignidade.

k) Formar e manter actualizado o Censo dos profesionais da avogacía españois e levar o ficheiro e rexistro de sancións. O Consello Xeral establecerá, en colaboración con todos os colexios e consellos autonómicos, un sistema para que os cidadáns poidan coñecer a existencia de sancións disciplinarias que estean sendo executadas e, de ser o caso, as sancións non canceladas que afecten cada profesional da avogacía, con pleno respecto do disposto na normativa sobre protección de datos.

l) Designar ou propor representantes da avogacía para a súa participación nos órganos constitucionais, consellos e órganos consultivos da Administración no ámbito estatal e internacional.

m) Exercer a potestade disciplinaria con respecto aos membros do propio Consello Xeral e, nos casos en que estea previsto na normativa aplicable, aos membros das xuntas de goberno de colexios da avogacía e aos membros dos consellos autonómicos, por infraccións cometidas en tal condición, así como coñecer, na vía administrativa, dos recursos contra as resolucións que diten os consellos autonómicos e os colexios en

materia disciplinaria, cando así estea disposto na regulación correspondente, sen prexuízo do disposto no artigo 116.

n) Emitir os informes que lle sexan solicitados polos órganos constitucionais, as administracións públicas, colexios da avogacía e corporacións oficiais respecto a asuntos relacionados cos seus fins ou que acorde formular de propia iniciativa, así como propor as reformas legislativas que considere oportunas e intervir en todas as cuestións que afecten a avogacía española.

ñ) Establecer a necesaria coordinación cos consellos autonómicos de colexios da avogacía, así como cos distintos colexios e, de ser o caso, dirimir os conflitos que poidan suscitarse entre eles.

o) Impulsar e organizar, con carácter estatal, institucións e servizos de asistencia e previsión para os profesionais da avogacía.

p) Impulsar a arbitraje e a mediación como métodos alternativos de resolución de conflitos.

q) Defender os dereitos e intereses dos colexios da avogacía, así como os dos seus colexiados, cando sexa requirido polo colexio respectivo ou veña determinado polas leis, e protexer a lícita liberdade de actuación dos profesionais da avogacía, para o cal poderán promover as accións e recursos que procedan ante as autoridades e xurisdicións competentes, mesmo ante o Tribunal Supremo, o Tribunal Constitucional, os tribunais europeos e internacionais, sen prexuízo da lexitimación que corresponda a cada un dos distintos colexios da avogacía e aos profesionais da avogacía persoalmente.

r) Impedir e perseguir por todos os medios legais a intrusión no exercicio profesional, sen prexuízo da competencia de cada colexio.

s) Impedir e perseguir a competencia ilegal ou desleal e velar pola plena efectividade das disposicións que regulan as incompatibilidades no exercicio da avogacía.

t) Impulsar a definición dos criterios de interoperabilidade tecnolóxica entre os diferentes colexios da avogacía e nas súas relacións coas administracións públicas, participando activamente na súa elaboración.

u) Aprobar o seu orzamento e a conta de liquidación, en que se determine a achega equitativa dos colexios e o seu réxime.

v) Administrar e dispor do seu patrimonio.

w) Constituír, logo de orde do ministro competente, un órgano centralizado de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, nos termos e coas funcións establecidas na normativa vixente.

x) Cantas outras lle atribúan as disposicións vixentes e todas aquelas que sexan consecuencia das anteriores ou estean relacionadas con elas.

2. Corresponderalle tamén ao Consello Xeral da Avogacía Española a elaboración e execución de proxectos e programas de actuación de toda índole que teñan por obxecto promover e garantir a igualdade de oportunidades dos colexios e dos profesionais da avogacía en todo o territorio nacional e, consecuentemente, a igualdade de dereitos dos seus clientes, ou que deriven de exixencias de unidade de actuación da avogacía española e a de todos os profesionais no ámbito estatal.

3. As funcións previstas neste estatuto serán exercidas polo Consello Xeral da Avogacía Española cando non estean atribuídas legalmente aos consellos autonómicos ou aos colexios.

Artigo 91. *Páxina web e portelo único.*

1. O Consello Xeral da Avogacía Española disporá dunha páxina web para que, a través do portelo único previsto na Lei 17/2009, do 23 de novembro, os colexios e os profesionais da avogacía poidan realizar cantas xestións lles resulten precisas por vía electrónica e a distancia, e facilitará, ademais, a información necesaria respecto diso.

2. Para conseguir unha mellor defensa dos dereitos dos consumidores e usuarios ofrecerá, ben directamente, ben a través das ligazóns precisas coas páxinas web dos colexios da avogacía, a seguinte información:

- a) O acceso aos rexistros de colexiados.
- b) As vías de reclamación e, de ser o caso, os recursos que poderán interperse cando se produza un conflito entre o consumidor ou usuario e un colexiado ou entre aquel e o colexio respectivo.
- c) Os datos das asociacións ou organizacións de consumidores e usuarios ás cales os destinatarios dos servizos profesionais poden dirixirse para obteren asistencia. Esta información poderá proporcionarse a través dunha ligazón coa páxina web da Administración pública competente.
- d) O acceso ao Rexistro de sociedades profesionais, que terá o contido descrito no artigo 8 da Lei 2/2007, do 15 de marzo.
- e) O contido dos códigos deontolóxicos.

#### Artigo 92. *Medios tecnolóxicos.*

O Consello Xeral da Avogacía Española adoptará cantas medidas sexan necesarias para o cumprimento dos deberes impostos neste estatuto e no resto do ordenamento xurídico e, en especial, incorporará para iso as tecnoloxías precisas que garantan a interoperabilidade entre os distintos sistemas.

#### Artigo 93. *Servizo de atención aos cidadáns.*

1. O Consello Xeral da Avogacía Española disporá dun servizo de atención aos cidadáns, que tramitará e, de ser o caso, resolverá cantas queixas e reclamacións referidas á actividade do Consello ou dos profesionais da avogacía presente calquera cliente que contrate os servizos profesionais destes, así como asociacións e organizacións de consumidores e usuarios na súa representación ou en defensa dos seus intereses.

2. As queixas e reclamacións poderán presentarse no propio Consello Xeral ou por vía electrónica e a distancia a través do portelo único. Unha vez recibidas e logo dos informes pertinentes, resolverá, dentro do ámbito das súas competencias, dalgunha das seguintes formas:

- a) Informando sobre o sistema extraxudicial de resolución de conflitos, en caso de existir e ser aplicable.
- b) Acordando remitir o expediente ao colexio competente para coñecer da queixa ou reclamación.
- c) Arquivando o expediente.
- d) Adoptando calquera outra decisión que corresponda.

#### Artigo 94. *Goberno corporativo e memoria anual.*

1. O Consello Xeral da Avogacía Española está suxeito aos principios de transparencia e responsabilidade na súa xestión.

2. O Consello Xeral elaborará unha memoria anual que conteña, polo menos, a información seguinte:

- a) Informe anual de xestión económica, incluíndo os gastos de persoal suficientemente desagregados e especificando as retribucións de todo tipo percibidas en razón dos cargos do Consello Xeral.
- b) Importe das cotas aplicables aos conceptos e servizos de todo tipo prestados polo Consello Xeral, así como as normas para o seu cálculo e aplicación.
- c) Información agregada e estatística relativa aos procedementos informativos e sancionadores en fase de instrución ou que alcanzasen firmeza, con indicación da infracción a que se refiren, da súa tramitación e da sanción imposta, de ser o caso, con pleno respecto da lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

d) Información agregada e estatística relativa ás queixas e reclamacións presentadas polos consumidores ou usuarios, da súa tramitación e, de ser o caso, dos motivos de estimación ou desestimación da queixa ou reclamación, con pleno respecto da lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

e) Os cambios no contido dos seus códigos deontolóxicos e a vía para o acceso ao seu contido íntegro.

f) As normas sobre incompatibilidades e as situacións de conflito de intereses en que se encontren os membros das xuntas de goberno.

3. O Consello Xeral fará pública, xunto coa súa propia memoria e incorporándoa como anexo, a información estatística exixida para a memoria anual de cada colexio, de forma agregada para o conxunto de todos eles. Os colexios deberanlle remitir ao Consello Xeral a súa memoria nos catro primeiros meses de cada ano.

4. A memoria anual deberá facerse pública a través da páxina web no primeiro semestre de cada ano.

#### Artigo 95. *Acción social.*

1. O Consello Xeral da Avogacía Española manterá unha política propia de responsabilidade social corporativa que atenda especialmente á defensa dos dereitos humanos, ao apoio aos profesionais da avogacía que sexan perseguidos en calquera país ou non poidan exercer a súa profesión con liberdade, á promoción dos dereitos dos sectores sociais máis desfavorecidos, á salvagarda do dereito de defensa, á protección do ambiente e á loita contra a corrupción.

2. O Consello Xeral poderá actuar en por si ou a través dos instrumentos xurídicos que teña por conveniente, en especial de natureza fundacional.

3. O Consello Xeral colaborará e prestará apoio aos programas de acción social que organicen e executen os colexios da avogacía.

#### Artigo 96. *Política de calidade dos servizos.*

1. O Consello Xeral da Avogacía Española fomentará un elevado nivel de calidade dos servizos prestados polos profesionais da avogacía españois, así como a súa constante mellora.

2. O Consello Xeral participará na elaboración, no ámbito da Unión Europea, de códigos de conduta destinados a facilitar a libre prestación de servizos ou o establecemento dun profesional da avogacía doutro Estado membro, con pleno respecto das normas de defensa da competencia.

#### Artigo 97. *Conciliación da vida familiar e profesional.*

O Consello Xeral da Avogacía Española promoverá a adopción, por parte dos órganos e administracións competentes, de cantas accións resulten precisas para facer eficaz a conciliación da vida familiar e profesional de todos os profesionais da avogacía. Así mesmo, poderalles propor aos órganos competentes as modificacións normativas necesarias para conseguir unha plena efectividade dos dereitos recoñecidos na lexislación orgánica sobre a igualdade efectiva de mulleres e homes.

#### Artigo 98. *Recursos económicos do Consello Xeral da Avogacía Española.*

Para atender os gastos que se orixinen para o cumprimento dos fins sinalados, o Consello Xeral da Avogacía Española contará cos seguintes ingresos:

a) As cotas que para este fin se fixen nos orzamentos, que serán aboadas por todos os colexios da avogacía en función do número de colexiados residentes de cada un, exercentes e non exercentes.

- b) As cotas de nova incorporación que deban satisfacer as persoas físicas, xa se colexien como exercentes xa como non exercentes, e as entidades que pretendan inscribirse nos rexistros de sociedades profesionais.
- c) O importe das certificacións que se expidan.
- d) Os demais recursos que poida obter das súas actividades.
- e) As subvencións oficiais, donativos e legados que poida recibir.
- f) Calquera achega extraordinaria que o Pleno do propio Consello Xeral acorde cando concorran circunstancias excepcionais.

#### *Sección 2.ª Pleno do Consello Xeral*

##### *Artigo 99. Composición do Pleno. Mandato.*

1. O Pleno do Consello Xeral da Avogacía Española está composto polos seguintes conselleiros:

- a) O presidente do Consello Xeral da Avogacía Española, que será elixido entre profesionais da avogacía exercentes de calquera colexio da avogacía de España.
- b) Os decanos dos colexios da avogacía de España.
- c) Os presidentes de consellos autonómicos de colexios da avogacía nos cales non concorran a condición de decano.
- d) O presidente da Mutualidade Xeral da Avogacía, mutualidade de previsión social a prima fixa, sempre que sexa profesional da avogacía.
- e) Doce conselleiros elixidos polo Pleno do Consello entre profesionais da avogacía de recoñecido prestixio con máis de quince anos de exercicio profesional.

2. O mandato dos membros do Pleno do Consello Xeral coincidirá co dos cargos que desempeñen, salvo os do presidente e os dos doce conselleiros electivos, que será de catro anos.

3. A contravención por parte dos membros do Pleno dos deberes de confidencialidade, segredo e debido respecto aos demais integrantes do órgano dará lugar á apertura dun procedemento en que, coas debidas garantías, se avaliará se o conselleiro incumpriu as funcións que lle corresponden por razón do dito cargo. Se se aprecia este incumprimento por parte do Pleno do Consello Xeral da Avogacía Española, poderáselle impor ao conselleiro en cuestión algunha das sancións previstas no artigo 127, salvo as de suspensión ou expulsión.

##### *Artigo 100. Elección dos seus membros.*

1. O proceso de elección do presidente do Consello Xeral e dos doce conselleiros electivos será convocado polo presidente, ou persoa que o substitúa, con polo menos trinta días naturais de antelación á data de realización do pleno correspondente, mediante comunicación fidedigna a todos os colexios da avogacía e aos consellos autonómicos de colexios para que lle dean a máxima publicidade e difusión posible, e exporana en todo caso nos seus taboleiros de anuncios e nas súas páxinas web.

Así mesmo, o Consello Xeral exporaa na súa páxina web e naquelas outras que xestione.

2. As candidaturas presentaranse na Secretaría Xeral do Consello Xeral polo menos quince días naturais antes da data do Pleno. A Comisión Permanente, nos cinco días naturais seguintes, proclamará as candidaturas que reúnan os requisitos establecidos.

3. A votación para a elección dos conselleiros será secreta e poderán votar todos os membros do Pleno. Serán elixidos aqueles que obteñan máis votos e, en caso de empate, o de maior antigüidade colexial como exercente.

4. Na elección de presidente, que tamén será secreta, só terán dereito de voto os decanos dos colexios da avogacía.

En primeira e segunda votación será elixido quen obteña maioría absoluta dos electores. Se ningún candidato a alcanza, terá lugar unha terceira votación, na cal só



poderán participar os dous candidatos máis votados na segunda, e será elixido aquel que obteña maior número de votos e, en caso de empate, o de maior antigüidade colexial como exercente.

5. Proclamado o resultado do escrutinio, os que fosen elixidos tomarán posesión ante o Pleno.

#### Artigo 101. *Competencias do Pleno.*

1. Correspóndenlle ao Pleno todas as funcións que legal ou estatutariamente se lle atribúen ao Consello Xeral de Avogacía Española.

2. En materia patrimonial, o Pleno ten competencia para acordar toda clase de actos de disposición e gravame. Poderá delegar no presidente as competencias que lle corresponden nesta materia.

3. O Pleno ten, así mesmo, competencia para acordar a constitución de asociacións, fundacións e todo tipo de sociedades civís e mercantís; a subscripción de contratos de calquera clase e a realización de cantas actuacións xurídicas resulten precisas para garantir o bo funcionamento do Consello Xeral e a defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

Así mesmo, poderá delegar no presidente as competencias que lle corresponden nesta materia.

4. O Pleno determinará as comisións ordinarias en que deba quedar organizado, así como o seu réxime e funcións, e a adscrición de conselleiros a cada unha delas. Serán coordinadas pola Secretaría Xeral, a cal convocará cantas reunións sexan precisas. Igualmente, poderá constituír as comisións e ponencias especiais que considere convenientes. As comisións desempeñarán as funcións que lles delegue o Pleno e, no seu ámbito propio, poderán adoptar, en caso de urxencia, acordos de inmediata execución, sen prexuízo de dar conta posteriormente ao Pleno.

Non obstante, co fin de axilizar a tramitación e resolución dos recursos que en materia disciplinaria se formulen ante o Consello Xeral e cumprir os prazos establecidos para iso, a Comisión que deba entender en materia de recursos terá sempre facultade plena para resolvelos e informar logo o Pleno, sen prexuízo de que poida elevar a este a decisión daqueles recursos que considere conveniente.

Coa mesma finalidade, a facultade plena para a resolución dos recursos que se formulen noutra materia queda delegada na Comisión Permanente, sen prexuízo da información posterior ao Pleno e de que poida elevar a este a decisión daqueles recursos que considere conveniente.

#### Artigo 102. *Funcionamento do Pleno.*

O Pleno do Consello Xeral reunirse, como mínimo, unha vez ao trimestre, logo de convocatoria do presidente.

Así mesmo, poderá reunirse sempre que o acorde o presidente, por propia iniciativa ou por petición da Comisión Permanente ou dun 20 por 100 dos membros do Pleno.

#### Artigo 103. *Adopción de acordos.*

1. Os acordos do Consello adoptaranse por maioría reforzada, que requirirá a existencia de maior número de votos favorables dos conselleiros presentes ou representados mediante a delegación do seu voto noutro membro do Consello, con voto dirimente do presidente en caso de empate, sempre que, ademais, conformen maioría de colexiados exercentes; computaranse, para estes efectos, no voto emitido por cada decano os colexiados exercentes residentes na demarcación do seu colexio en 31 de decembro do ano anterior.

2. Non obstante o anterior, aqueles acordos que se refiran a materias non comprendidas no número tres do presente artigo poderán ser aprobados por maioría simple entre os conselleiros presentes ou representados mediante a delegación do seu voto noutro

membro do Consello, con voto dirimente do presidente en caso de empate, salvo que calquera conselleiro decano solicitase, previamente a se iniciar a votación, que se aplique o réxime de maioría reforzada regulado no parágrafo anterior.

3. Os asuntos aos cales se aplicará necesariamente o réxime de maioría reforzada serán os seguintes:

- a) Aprobación inicial do Estatuto xeral da avogacía española e das súas modificacións para a súa elevación á aprobación definitiva por parte do Goberno.
- b) Aprobación do Regulamento de réxime interior do Consello Xeral e de calquera outra norma regulamentaria.
- c) Ordenación da actividade profesional dos profesionais da avogacía, o seu exercicio profesional, acceso á profesión, deontoloxía e publicidade.
- d) Aprobación do orzamento, balance, contas e memoria anuais, así como calquera achega extraordinaria que se deba efectuar por concorreren circunstancias excepcionais. No suposto de que o orzamento anual do Consello Xeral non sexa aprobado, entenderase prorrogado o anterior coa variación do índice de prezos do consumo ata que se aprobe un novo orzamento.
- e) Constitución de asociacións, fundacións e todo tipo de sociedades civís e mercantís.
- f) Proxectos, propostas ou acordos dos cales poidan derivar repercusións económicas extraorzamentarias para os colexios da avogacía.

### Sección 3.<sup>a</sup> O presidente

#### Artigo 104. Funcións.

1. O presidente do Consello Xeral da Avogacía Española terá as seguintes funcións:
  - a) Exercer a representación do Consello Xeral e, en consecuencia, a representación da avogacía española e ser voceiro do conxunto dos colexios da avogacía de España.
  - b) Velar polo prestixio da profesión de profesional da avogacía.
  - c) Defender os dereitos dos colexios da avogacía e dos seus colexiados cando sexa requirido polo colexio respectivo e protexer a lícita liberdade de actuación dos profesionais da avogacía e das sociedades profesionais.
  - d) Convocar e presidir, fixando a orde do día, as sesións do Pleno e da Comisión Permanente, así como das demais comisións ordinarias ou extraordinarias, e decidir os empates con voto de calidade.
  - e) Propor o nomeamento de ponencias para preparar a resolución ou despacho dun asunto.
  - f) Autorizar coa súa sinatura os acordos do Pleno e da Comisión Permanente e velar pola súa correcta execución.
  - g) Exercer a superior dirección da actividade dos órganos do Consello Xeral.
  - h) Aquelas que lle fosen delegadas polo Pleno.
  - i) Cantas outras lle correspondan por dispolo así as disposicións vixentes e, especialmente, este estatuto.
2. O presidente será auxiliado no exercicio das súas funcións por todos os cargos e empregados do Consello Xeral. Así mesmo, poderá crear os órganos de apoio permanentes ou temporais que teña por conveniente e designar os seus titulares.

As designacións poderanse facer libremente entre persoas, vinculadas ou non ao Consello Xeral, sempre dentro do marco orzamentario.
3. O presidente poderá delegar ou substituír as súas funcións e as que teña delegadas polo Pleno, dando conta a este, así como outorgar os apoderamentos necesarios para o funcionamento do Consello Xeral.

Artigo 105. *Cesamento do presidente.*

O presidente cesará polas causas seguintes:

- a) Falecemento.
- b) Renuncia.
- c) Falta inicial non coñecida ou perda sobrevida dos requisitos estatutarios e de capacidade para desempeñar o cargo.
- d) Expiración do termo ou prazo para o cal foi elixido. Poderá presentarse á reelección unha soa vez.
- e) Aprobación da moción de censura que se regula no artigo seguinte.

Artigo 106. *Moción de censura.*

1. O presidente poderá ser sometido a moción de censura pola súa xestión.
2. A moción de censura poderá ser promovida por instancia de, polo menos, un terzo dos decanos de colexios da avogacía.
3. A moción de censura debaterase nun pleno do Consello Xeral convocado exclusivamente para o efecto con carácter extraordinario. A sesión deberá ter lugar nos trinta días naturais seguintes á recepción da solicitude correspondente na Secretaría Xeral do Consello Xeral. O acordo de convocatoria será executado de oficio polo secretario xeral. Para a válida constitución do Pleno e para a votación da moción será necesario un quórum mínimo da maioría dos decanos con dereito a voto.
4. A aprobación dunha moción de censura exixirá a maioría absoluta dos votos dos decanos de colexios membros do Consello Xeral que, pola súa vez, supoña a maioría de colexiados exercentes segundo os colexios concorrentes á sesión; computaranse, para estes efectos, no voto de cada decano os colexiados residentes na demarcación do seu colexio. Dará lugar ao cesamento inmediato do presidente censurado e deberase proceder á elección do novo presidente conforme o previsto con carácter xeral por este estatuto.

*Sección 4.<sup>a</sup> Comisión Permanente*

Artigo 107. *Composición e funcións.*

1. A Comisión Permanente do Consello Xeral da Avogacía Española estará formada:
  - a) Polo presidente, secretario xeral e tesoureiro do Consello Xeral da Avogacía Española.
  - b) Por tres conselleiros decanos de colexios da avogacía con menos de 500 colexiados exercentes.
  - c) Por tres conselleiros decanos de colexios da avogacía que teñan entre 500 e 3.000 colexiados exercentes.
  - d) Por tres conselleiros decanos de colexios da avogacía con máis de 3.000 colexiados exercentes.Os conselleiros a que se refiren as letras b, c e d anteriores serán designados e cesados polo presidente do Consello.
2. A Comisión Permanente desempeñará as seguintes funcións, das cales dará conta ao Pleno que teña lugar posteriormente:
  - a) As que expresamente lle delegue o Pleno.
  - b) As propias do Pleno cando razóns de urxencia aconsellen o seu exercicio inmediato.
  - c) A formulación do orzamento e do balance, contas anuais e memoria, para o seu sometemento ao Pleno.
3. Os acordos da Comisión Permanente adoptaranse por maioría simple dos asistentes, co voto dirimente do presidente en caso de empate.

4. A Comisión Permanente poderá realizar reunións non presenciais na forma que determine o regulamento de réxime interior.

Artigo 108. *Designación dos vicepresidentes, presidentes de comisión, secretario xeral, vicesecretario xeral, tesoureiro e vicetesoureiro.*

1. O presidente designará dous vicepresidentes de entre os conselleiros decanos que formen parte da Comisión Permanente, que o substituirán conforme a súa orde. Designará, así mesmo, de entre todos os conselleiros, os presidentes e vicepresidentes de comisión, o secretario xeral, o vicesecretario xeral, o tesoureiro e do vicetesoureiro. O vicesecretario e o vicetesoureiro son os substitutos naturais do secretario e o tesoureiro do Consello Xeral e asistirán a aquelas reunións da Comisión Permanente e da Comisión Consultiva ás cales non asistan os substituídos.

2. O mandato dos cargos mencionados no número anterior concluirá se perden a condición de conselleiro ou cando, unha vez finalizado o proceso para a elección do novo presidente do Consello Xeral, tome posesión o que resulte electo. Así mesmo, en calquera momento o presidente poderá cesalos no seu cargo.

Artigo 109. *Comisión Consultiva.*

1. A Comisión Consultiva do Consello Xeral da Avogacía Española estará formada:

a) Polo presidente, polo secretario xeral e polo tesoureiro do Consello Xeral da Avogacía Española.

b) Por tres conselleiros decanos de colexios da avogacía que teñan máis de 3.000 colexiados exercentes.

c) Por tres conselleiros decanos do resto de colexios da avogacía.

d) Polo presidente da Confederación Española da Avogacía Nova, quen terá voz pero non voto.

2. A Comisión Consultiva desempeñará as seguintes funcións:

a) Promover accións de información e divulgación dos dereitos fundamentais e, especialmente, do dereito de defensa, así como da profesión de profesional da avogacía e das institucións da avogacía.

b) Proporlle á Comisión Permanente ou, de ser o caso, ao Pleno iniciativas normativas estatutarias ou económicas.

c) Emitir ditames que deberán valorar a oportunidade, viabilidade e repercusión de proxectos e actividades do Consello Xeral. Estes ditames serán preceptivos pero non vinculantes para todos os proxectos que teñan un custo económico para o Consello Xeral ou para os colexios da avogacía.

d) Cantas realizacións persigan mellorar o exercicio da avogacía e a realización da xustiza.

Artigo 110. *Comisións de traballo.*

A Comisión Permanente poderá acordar a constitución de comisións de traballo e estudo sobre materias de especial relevancia para a avogacía, para a elaboración de informes sobre proxectos normativos ou para a harmonización dos criterios das comisións existentes nos diferentes colexios da avogacía. A súa constitución poderá acordarse con carácter indefinido ou para un asunto concreto e serán coordinadas pola Secretaría Xeral, que convocará cantas reunións sexan precisas.

Os traballos e informes elaborados polas diferentes comisións deberán ser elevados para a súa aprobación á Comisión Permanente ou ao Pleno, segundo proceda, cando deban producir efectos fóra do ámbito do Consello Xeral, ou remitirse ás autoridades nacionais ou internacionais competentes.

*Sección 5.ª Congreso da Avogacía Española*Artigo 111. *Convocatoria.*

1. O Congreso da Avogacía Española terá lugar, ordinariamente, cada catro anos e será convocado polo Consello Xeral.
2. O Congreso aprobará unhas conclusións que terán carácter orientador para os órganos e organismos corporativos da avogacía.
3. No Congreso poderán desenvolverse, ademais, cantos actos determine o Consello Xeral da Avogacía Española.

Artigo 112. *Regulamento do Congreso da Avogacía Española.*

1. O Regulamento do Congreso da Avogacía Española será aprobado polo Pleno do Consello Xeral, logo de audiencia dos colexios e consellos autonómicos por un prazo non inferior a trinta días.
2. O Regulamento do Congreso determinará a súa composición e forma de realización. Unha vez aprobado, seralles remitido aos colexios e consellos autonómicos xunto coa convocatoria.

## TÍTULO X

**Réxime xurídico dos acordos sometidos ao dereito administrativo e a súa impugnación**Artigo 113. *Executividade.*

1. Os acordos do Consello Xeral da Avogacía Española e dos colexios da avogacía serán inmediatamente executivos, salvo que o propio acordo estableza outra cousa ou se diten en materia disciplinaria.
2. Os acordos que deban ser notificados persoalmente aos colexiados serano no domicilio profesional que teñan comunicado ao colexio. A notificación adecuarase ao previsto na lexislación reguladora do procedemento administrativo común das administracións públicas e poderá realizala un empregado do colexio da avogacía. Se non se puider efectuar a notificación desta forma, entenderase perfeccionada aos quince días da súa exposición no taboleiro de anuncios do propio colexio, que se realizará na forma prevista pola citada lei. Así mesmo, os colexiados poderán recibir, se así o desexan, as notificacións a través do portelo único, tal e como se prevé no artigo 71.2.c) do presente estatuto.

Artigo 114. *Actos nulos e anulables.*

Son nulos de pleno dereito ou anulables os actos dos órganos corporativos nos casos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 115. *Recursos.*

1. Os actos dos órganos do Consello Xeral da Avogacía Española suxeitos a dereito administrativo poñen fin á vía administrativa e son impugnables directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa. Porén, os interesados poderán interpor potestativamente recurso de reposición, se proceder.
2. Os actos dos colexios da avogacía suxeitos ao dereito administrativo serán impugnables ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, logo dos recursos corporativos ou administrativos que estableza a respectiva lexislación autonómica.

Artigo 116. *Recursos ante o Consello Xeral da Avogacía Española.*

1. Os acordos dos consellos autonómicos de colexios e dos colexios da avogacía serán impugnables ante o Consello Xeral da Avogacía Española cando así o dispoñan os seus propios estatutos.

2. Nestes casos, o recurso será presentado ante o órgano que ditou o acordo, que deberá elevalo, cos seus antecedentes e co informe que proceda, ao Consello Xeral dentro dos quince días seguintes á data de presentación. O Consello Xeral, logo dos informes que considere pertinentes, deberá ditar e notificar resolución expresa no prazo de tres meses. O recorrente poderá solicitar a suspensión do acordo impugnado e a Comisión Permanente do Consello Xeral poderá acordala ou denegala motivadamente.

O silencio terá efecto desestimatorio da pretensión, salvo naqueles supostos en que resulte de aplicación o previsto no artigo 24.1, terceiro parágrafo, da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

No non previsto neste precepto, aplicarase de maneira supletoria o establecido para o recurso de alzada na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Artigo 117. *Cómputo de prazos.*

Os prazos deste estatuto xeral expresados en días entenderanse referidos a días hábiles, salvo que expresamente se prevexa outra cousa.

Artigo 118. *Aplicación da lexislación reguladora do procedemento administrativo común das administracións públicas.*

A lexislación reguladora do procedemento administrativo común das administracións públicas aplicarase aos actos dos órganos corporativos na forma nela prevista.

## TÍTULO XI

### **Réxime de responsabilidade dos profesionais da avogacía e das sociedades profesionais**

#### CAPÍTULO I

#### **Responsabilidade disciplinaria**

Artigo 119. *Principios xerais.*

1. Os profesionais da avogacía e as sociedades profesionais en que participen ou presten servizo están suxeitos a responsabilidade disciplinaria.

2. As facultades disciplinarias da autoridade xudicial sobre os profesionais da avogacía axustaranse ao disposto nas leis procesuais. As sancións ou correccións disciplinarias que impoñan os tribunais ao profesional da avogacía faranse constar no seu expediente persoal.

3. As sancións disciplinarias corporativas faranse constar no expediente persoal do colexiado ou no particular da sociedade profesional.

Artigo 120. *Potestade disciplinaria.*

1. A potestade disciplinaria sobre os profesionais da avogacía e as sociedades profesionais será exercida polos colexios da avogacía en cuxo ámbito territorial se cometese a infracción, conforme as previsións dos seus respectivos estatutos.

2. O Consello Xeral da Avogacía Española exercerá a súa potestade disciplinaria sobre os seus membros exclusivamente cando actúen en tal condición, así como sobre os membros das xuntas de goberno dos colexios e dos consellos autonómicos, salvo que a



lexislación autonómica ou as normas estatutarias establezan outra cousa. O exercicio desta potestade correspóndelle ao Pleno.

3. A potestade disciplinaria dos consellos autonómicos será regulada pola lexislación autonómica correspondente.

Artigo 121. *Principio de tipicidade.*

Son infraccións disciplinarias as condutas descritas nos capítulos segundo, terceiro, quinto e sexto do presente título. As infraccións que poidan comportar sanción disciplinaria clasifícanse en moi graves, graves e leves.

Artigo 122. *Sancións.*

1. As sancións que poderán imporse aos profesionais da avogacía son as seguintes:

- a) Apercibimento por escrito.
- b) Multa pecuniaria.
- c) Suspensión do exercicio da avogacía.
- d) Expulsión do colexio.

2. No caso das sociedades profesionais, poderán ser sancionadas coa baixa do rexistro colexial correspondente, nos termos deste estatuto.

3. As sancións que poderán imporse aos profesionais da avogacía que sexan titulares de prácticas externas dos cursos ou másteres de acceso á profesión son as seguintes:

- a) Reprensión privada.
- b) Apercibimento verbal.
- c) Apercibimento por escrito.
- d) Multa.
- e) Perda dos recoñecementos, incentivos ou vantaxes obtidos polo desempeño do seu cargo de titor.
- f) Inhabilitación para exercer a titoría en calquera curso ou máster de acceso.

Artigo 123. *Principio de proporcionalidade.*

A imposición de calquera sanción gardará a debida adecuación entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicada. Para tal fin, considerárase, en todo caso, a existencia de reincidencia e reiteración, e teranse especialmente en conta a natureza e entidade dos prexuízos causados a terceiros ou á profesión.

## CAPÍTULO II

### **Infraccións e sancións correspondentes aos profesionais da avogacía**

Artigo 124. *Infraccións moi graves.*

Son infraccións moi graves dos profesionais da avogacía:

- a) A condena en sentenza firme por delitos dolosos, en calquera grao de participación, como consecuencia do exercicio da profesión.
- b) A condena en sentenza firme a penas graves conforme o artigo 33.2 do Código penal.
- c) O exercicio da profesión en vulneración de resolucións administrativas ou xudiciais firmes de inhabilitación ou prohibición do exercicio profesional.
- d) A colaboración ou o encubrimento da intrusión profesional.
- e) O exercicio da profesión estando incurso en causa de incompatibilidade.
- f) A vulneración do deber de segredo profesional cando a concreta infracción non estea tipificada de forma específica.

- g) A renuncia ou o abandono da defensa que lle fose confiada cando se cause indefensión ao cliente.
- h) A negativa inxustificada a realizar as intervencións profesionais que se establezan por lei, conforme o previsto no artigo 17 do presente estatuto xeral.
- i) A defensa de intereses contrapostos cos do propio profesional da avogacía ou cos do despacho de que formase parte ou co cal colabore.
- j) A indebida percepción de honorarios, dereitos ou beneficios económicos polos servizos derivados da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro.
- k) A retención ou apropiación de cantidades correspondentes ao cliente e recibidas por calquera concepto.
- l) A apropiación ou retención de documentos ou arquivos relativos a clientes do despacho en que estivese integrado previamente, salvo autorización expresa do cliente.
- m) O quebrantamento das sancións impostas.
- n) A publicidade de servizos profesionais con incumprimento dos requisitos do artigo 20.2.c) deste estatuto xeral.

Artigo 125. *Infraccións graves.*

Son infraccións graves dos profesionais da avogacía:

- a) A vulneración dos deberes deontolóxicos nos casos seguintes:
  - i. A infracción dos deberes de confidencialidade e das prohibicións que protexen as comunicacións entre profesionais nos termos establecidos no artigo 23 deste estatuto xeral.
  - ii. O incumprimento dos compromisos formalizados entre compañeiros, verbalmente ou por escrito, no exercicio das súas funcións profesionais.
  - iii. A falta de respecto debido ou a realización de alusións persoais de menosprezo ou descrédito, no exercicio da profesión, a outro profesional da avogacía ou ao seu cliente.
  - iv. A indución inxustificada ao cliente a non aboar os honorarios devindicados por un compañeiro en caso de substitución ou cambio de profesional de avogacía.
  - v. A retención de documentación dun cliente contra as súas expresas instrucións.
  - vi. A falta de remisión da documentación correspondente ao profesional da avogacía que o substitúa na xestión dun asunto.
  - vii. A citación dun profesional da avogacía como testemuña de feitos relacionados coa súa actuación profesional.
- b) A publicidade de servizos profesionais con incumprimento dos requisitos do artigo 20 deste estatuto xeral, salvo o previsto no artigo 124.n), en relación co artigo 20.2.c).
- c) O incumprimento dos deberes de identificación e información que se recollen nos artigos 48 e 49 do presente estatuto xeral.
- d) O incumprimento das obrigas en materia de reclamacións recollidas no artigo 52 do presente estatuto xeral.
- e) A falta do respecto debido a quen interveña na Administración de xustiza.
- f) A falta de pagamento das cotas colexiais, sen prexuízo da baixa no colexio polo dito motivo.
- g) A falta do respecto debido ou a incomparecencia inxustificada ás citacións efectuadas, baixo apercibimento, polos membros dos órganos corporativos ou de goberno da avogacía no exercicio das súas funcións.
- h) A falta de cumprimento das súas funcións como membros de órganos de goberno corporativo que impida ou dificulte o seu correcto funcionamento.
- i) A condena penal firme pola comisión de delitos leves dolosos como consecuencia do exercicio da profesión.
- j) A defensa de intereses en conflito cos doutros clientes do profesional da avogacía ou despacho de que formase parte ou co cal colaborase, en vulneración do establecido no artigo 51 do presente estatuto.
- k) O incumprimento inxustificado da encarga contida na designación realizada polo colexio da avogacía en materia de asistencia xurídica gratuíta.

- l) O incumprimento da obriga de comunicar a substitución na dirección profesional dun asunto ao compañeiro substituído, nos termos previstos no artigo 60 deste estatuto xeral.
- m) A relación ou comunicación coa parte contraria cando lle conste que está representada ou asistida por outro profesional da avogacía, salvo a súa autorización expresa.
- n) O abuso da circunstancia de ser o único profesional da avogacía interviniente causando unha lesión inxusta.
- ñ) A incomparecencia inxustificada a calquera dilixencia xudicial, sempre que cause un prexuízo aos intereses cuxa defensa lle foi confiada.
- o) O pagamento, cobramento, exigencia ou aceptación de comisións ou doutro tipo de compensación doutro profesional da avogacía ou de calquera persoa, infrinxindo as normas legais sobre competencia ou as reguladoras da deontoloxía profesional.
- p) A negativa ou o atraso inxustificado a render contas da encarga profesional ou a facer a correspondente liquidación de honorarios e gastos que lle sexa exigida polo cliente.
- q) A compensación de honorarios con fondos do cliente que non fosen recibidos como provisión, sen o seu consentimento.
- r) A falsa atribución dunha encarga profesional.
- s) A embriaguez ou o consumo de drogas cando afecten o exercicio da profesión.
- t) A falta de contratación de seguro ou garantía cando a obriga de contar co dito réxime de garantía para cubrir as responsabilidades por razón do exercicio profesional estea así prevista por lei.
- u) Os demais actos ou omisións que constitúan ofensa grave á dignidade da profesión e ás regras que a gobernan, conforme o establecido no presente estatuto xeral e noutras normas legais.

#### Artigo 126. *Infraccións leves.*

Son infraccións leves dos profesionais da avogacía:

- a) Ofender levemente, en calquera comunicación privada oral ou escrita, o profesional da avogacía da parte contraria, sempre que non transcendese a ofensa.
- b) Comprometer, nas súas comunicacións e manifestacións co profesional da avogacía da parte contraria, o propio cliente con comentarios ou manifestacións que poidan causarlle desprestixio.
- c) Impugnar reiterada e inxustificadamente os honorarios doutros profesionais da avogacía.
- d) Non atender coa debida dilixencia as visitas, comunicacións escritas ou telefónicas doutros profesionais da avogacía.
- e) Non comunicarlle oportunamente ao colexio o cambio de domicilio profesional ou calquera outra circunstancia persoal que afecte a súa relación con aquel.
- f) Non consignar no primeiro escrito ou actuación a súa identificación, o colexio a que estea incorporado e o número de colexiado.
- g) Non atender coa dilixencia debida os asuntos derivados da quenda de oficio, cando o incumprimento non constituía infracción grave ou moi grave.

#### Artigo 127. *Sancións para os profesionais da avogacía.*

1. Pola comisión de infraccións moi graves, atendendo a criterios de proporcionalidade, poderá imporse a expulsión do colexio ou a suspensión do exercicio da avogacía por un prazo superior a un ano sen exceder os dous.
2. Pola comisión de infraccións graves poderá imporse a sanción de suspensión do exercicio da avogacía por un prazo superior a quince días sen exceder un ano ou multa pecuniaria por importe de entre 1.001 e 10.000 euros.
3. Pola comisión de infraccións leves poderá imporse a sanción de apercibimento escrito, ou suspensión do exercicio da avogacía por un prazo non superior a quince días, ou multa pecuniaria por importe de ata 1.000 euros.
4. As sancións que se impoñan por infraccións graves ou moi graves relacionadas con actuacións desenvolvidas na prestación dos servizos da quenda de oficio comportarán,

en todo caso, a exclusión do profesional da avogacía dos ditos servizos por un prazo mínimo de seis meses e inferior a un ano se a infracción é grave, e de entre un e dous anos se é moi grave.

Nos supostos de infraccións leves, poderá imporse tamén a exclusión do profesional da avogacía dos ditos servizos por un prazo non superior a seis meses.

Incoado un expediente disciplinario como consecuencia dunha denuncia formulada por un usuario dos servizos de asistencia xurídica gratuita, cando a gravidade do feito denunciado o aconselle, poderá acordarse a separación cautelar do servizo do profesional da avogacía presuntamente responsable por un período máximo de seis meses ata que o expediente disciplinario se resolva.

### CAPÍTULO III

#### **Infraccións e sancións correspondentes ás sociedades profesionais**

##### *Artigo 128. Regra xeral.*

1. A sociedade profesional poderá ser sancionada nos termos previstos neste estatuto xeral.

2. As sociedades profesionais poderán ser sancionadas, conforme este estatuto xeral, polas infraccións cometidas polos profesionais da avogacía que as integran, cando resulte acreditada a súa responsabilidade concorrente, como partícipes ou encubridores, na comisión das ditas infraccións. Presumirase que existe esa responsabilidade concorrente cando as infraccións as cometesen, por conta e en proveito da sociedade profesional, os seus administradores ou quen, seguindo as súas instrucións, a represente. Nestes supostos considerarase a infracción da sociedade profesional como da mesma clase que a cometida polo profesional da avogacía, para os efectos de aplicar a sanción correspondente.

3. Igualmente, poderán ser sancionadas as sociedades profesionais pola realización de condutas directamente imputables á sociedade que se encontren tipificadas como infraccións para os profesionais da avogacía. As ditas infraccións graduaranse conforme o previsto no capítulo anterior.

##### *Artigo 129. Infraccións moi graves das sociedades profesionais.*

É infracción moi grave das sociedades profesionais a falta dun seguro en vigor ou garantía equivalente que cubra a responsabilidade en que poidan incurrir no exercicio das súas actividades cando a obriga de contar co dito réxime de garantía así estea prevista por lei.

##### *Artigo 130. Infraccións graves das sociedades profesionais.*

Constitúe infracción grave das sociedades profesionais a falta de presentación para a súa inscrición no rexistro do colexio correspondente, no prazo establecido, dos cambios de socios e administradores ou de calquera modificación do contrato social que deba ser obxecto de inscrición, así como a falta de pagamento das cargas previstas colexialmente.

##### *Artigo 131. Infraccións leves das sociedades profesionais.*

O atraso non superior a un mes no cumprimento das obrigas a que se refire o artigo anterior conceptuarase como infracción leve.

##### *Artigo 132. Sancións para as sociedades profesionais.*

1. Pola comisión da infracción moi grave tipificada no artigo 129, baixa da sociedade no rexistro do colexio correspondente.

2. Pola comisión de infraccións graves, atendendo a criterios de proporcionalidade, apercibimento e multa pecuniaria por importe de entre 1.501 e 15.000 euros.

3. Pola comisión de infraccións leves, atendendo a criterios de proporcionalidade, apercibimento ou multa pecuniaria por importe de 300 euros ata 1.500 euros.

## CAPÍTULO IV

### Procedemento sancionador

#### Artigo 133. *Procedemento.*

1. As sancións disciplinarias só se poderán impor en virtude de procedemento instruído para o efecto en que se lle garantan ao interesado os dereitos para ser notificado dos feitos que se lle imputan, formular alegacións e utilizar os medios de defensa admitidos polo ordenamento xurídico que resulten procedentes.

2. O procedemento iníciase de oficio, por acordo do órgano competente, ben por propia iniciativa ben como consecuencia de denuncia.

3. Con anterioridade ao acordo de iniciación, o órgano competente poderá abrir un período de información previa co fin de determinar se procede ou non iníciar o procedemento sancionador. No caso en que se acorde o seu inicio, deberase nomear un instrutor de entre os membros da Xunta de Goberno, da Comisión Deontolóxica, colexiados que formasen parte da Xunta de Goberno ou con máis de dez anos de exercicio.

4. O procedemento tramítase de conformidade co establecido na lexislación administrativa básica e normas que a desenvolvan, así como no disposto pola normativa autonómica e corporativa. No caso de infraccións leves, aplicarase un procedemento simplificado. O prazo máximo en que debe ditarse e notificarse a resolución expresa será o previsto nas leis, salvo que se poida establecer outro diferente por norma regulamentaria.

#### Artigo 134. *Execución das sancións.*

1. As sancións disciplinarias serán executivas unha vez que sexan firmes na vía administrativa.

2. As sancións producirán efecto no ámbito de todos os colexios de avogados de España e será competente para executalas o órgano que as impoña, que terá preceptivamente que comunicarlhas ao Consello Xeral da Avogacía Española para que este poida informar sobre iso a todos os colexios e consellos autonómicos.

3. Cando a sanción fose imposta por un colexio distinto do de incorporación, este deberá prestarlle a colaboración precisa para a execución da sanción. Esta colaboración poderá ser regulada por convenio entre colexios.

#### Artigo 135. *Extinción da responsabilidade disciplinaria dos profesionais da avogacía.*

1. A responsabilidade disciplinaria dos colexiados extínguese polo cumprimento da sanción, o falecemento, a prescrición da infracción e a prescrición da sanción. No suposto en que a sanción imposta for a de expulsión do colexio, deberá observarse o que establece o artigo 13 deste estatuto xeral en materia de rehabilitación.

2. A baixa no colexio non extingue a responsabilidade disciplinaria contraída durante o período de alta, senón que se concluirá o procedemento disciplinario e se acordará a sanción que corresponda. No suposto en que a sanción non poida facerse efectiva, quedará en suspenso para ser cumprida se o sancionado causar novamente alta no colexio.

#### Artigo 136. *Prescrición das infraccións.*

1. As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos; as graves, aos dous anos, e as leves, aos seis meses.

2. O prazo de prescrición das infraccións comezará a contar desde o día en que se cometese a infracción. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador.

En todo caso, renovarase o cómputo do prazo de prescrición se o procedemento permanece paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao colexiado.

Artigo 137. *Prescrición das sancións.*

1. As sancións impostas por infraccións moi graves prescribirán aos tres anos; as impostas por infraccións graves, aos dous anos, e as impostas por infraccións leves, aos seis meses.

2. O prazo de prescrición das sancións comezará a contar desde o día seguinte a aquel en que poidan ser executadas. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, e volverá transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao infractor.

3. O prazo de prescrición da sanción, cando o sancionado quebrante o seu cumprimento, comezará a contar desde a data do quebrantamento.

Artigo 138. *Cancelación da anotación das sancións no expediente persoal do profesional da avogacía.*

1. A anotación das sancións no expediente persoal do colexiado cancelárase cando transcorresen os seguintes prazos sen que aquel incorrese en nova responsabilidade disciplinaria: seis meses en caso de sancións de apercibimento, suspensión do exercicio da avogacía por un prazo non superior a quince días, ou multa pecuniaria de ata 1.000 euros; un ano en caso de sanción de suspensión superior a quince días sen exceder un ano ou multa pecuniaria entre 1.001 e 10.000 euros; tres anos en caso de sanción de suspensión por un prazo superior a un ano sen exceder os dous anos, e cinco anos en caso de expulsión.

2. Estes prazos computaranse desde o día seguinte ao cumprimento da sanción.

3. A cancelación da anotación poderá facerse de oficio ou por petición dos sancionados.

Artigo 139. *Extinción da responsabilidade disciplinaria das sociedades profesionais e cancelación da anotación das sancións no seu expediente particular.*

1. A responsabilidade disciplinaria das sociedades profesionais, no caso de falta de pagamento das correspondentes cargas colexiais, extinguirase cando se aboasen na súa totalidade as debidas.

2. A anotación das sancións no expediente particular da sociedade profesional cancelárase cando transcorresen os seguintes prazos: seis meses en caso de sanción de multa pecuniaria de 300 ata 1.500 euros; un ano en caso de sanción de multa pecuniaria de entre 1.501 e 15.000 euros.

Estes prazos computaranse desde o día seguinte ao cumprimento da sanción.

A cancelación da anotación poderá facerse de oficio ou por petición da sociedade sancionada.

## CAPÍTULO V

### **Réxime disciplinario aplicable aos colexiados non exercentes**

Artigo 140. *Réxime aplicable aos colexiados non exercentes.*

Os colexiados non exercentes quedan sometidos ás previsións do presente título en todo aquilo que lles sexa de aplicación en relación coa súa actuación colexial.



## CAPÍTULO VI

**Réxime disciplinario aplicable aos profesionais da avogacía titores de prácticas externas dos cursos ou másteres de acceso á profesión**

Artigo 141. *Réxime aplicable aos profesionais da avogacía titores de prácticas externas dos cursos ou másteres de acceso á profesión.*

1. Os profesionais da avogacía titores de prácticas externas están suxeitos á responsabilidade disciplinaria polo incumprimento das obrigas previstas no artigo 63 deste estatuto xeral, conforme o establecido no presente artigo.

2. A potestade disciplinaria sobre os profesionais da avogacía titores correspóndelle exercela ao colexio da avogacía do cal dependan as prácticas externas do curso ou máster de acceso á profesión.

3. Son infraccións graves do profesional da avogacía titor:

a) Incumplir o plan de formación da entidade responsable das prácticas externas ou non cumprir a súa normativa reguladora.

b) Incumplir as instrucións facilitadas pola dirección do curso ou máster ou a normativa que regule a titoría.

c) Encomendar ao alumno tarefas alleas ao exercicio da avogacía.

d) Faltar ao respecto ou consideración ao alumno.

e) Non prestar apoio e asistencia ao alumno durante todo o período de prácticas externas nin proporcionarlle os medios materiais indispensables para o desenvolvemento das prácticas.

f) Non dedicar ao alumno o tempo necesario para transmitirle os seus coñecementos, experiencias, métodos e usos de traballo, así como os principios propios da avogacía, con especial atención aos seus valores deontolóxicos.

g) Non redactar a memoria explicativa das actividades desenvolvidas, que debe ser supervisada polo responsable do equipo de titoría.

h) Non manter a condición de profesional da avogacía durante o desempeño da súa función como titor.

i) Non dar traslado ao centro organizador das prácticas externas do comportamento dos alumnos que considere contrario ás regras deontolóxicas e estatutarias da profesión.

4. Son infraccións leves do profesional da avogacía titor:

a) Non coordinar co responsable do equipo de titoría a súa actividade titorial no desenvolvemento das prácticas externas ou non facilitarlle a información que este lle requira.

b) Non entrevistarse cos alumnos coa periodicidade que se estableza na normativa reguladora de cada período de prácticas externas.

c) Non manter unha conduta exemplar durante o desenvolvemento da súa función titorial.

5. As infraccións graves serán sancionadas con inhabilitación de ata tres anos para exercer a titoría en calquera curso ou máster de acceso, así como coa perda dos recoñecementos, incentivos ou vantaxes obtidos polo desempeño do seu cargo de titor.

As infraccións leves poderán ser sancionadas con apercibimento verbal ou reprensión privada, apercibimento por escrito ou multa de ata cincocentos euros.

6. A sanción deberá graduarse en cada caso atendendo á gravidade e efectos do feito infractor, á intencionalidade, á duración, á habitualidade ou á reiteración na conduta.